



CONCELLOS

BURELA

Anuncio

Expediente n.º 1433/2023

APROBACIÓN INICIAL NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA LUGO.

O Pleno do concello de Burela, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de xullo de 2023, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos n.º 1433/2023 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais por importe de 2.108.058,19 €.

O expediente expónse ao público polo prazo de quince días, da acordo co artigo 169 do Texto Refundido 2/2004, do 5 de marzo, da Lei reguladora das facendas locais, na Intervención deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Todo iso, de conformidade ao establecido no artigo 177 en relación ao disposto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Burela, 2 de agosto de 2023.- A ALCALDESA, MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO.

R. 2569

Anuncio

Expediente n.º 1434/2023

APROBACIÓN INICIAL NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA LUGO.

O Pleno do concello de Burela, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de xullo de 2023, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos n.º 1434/2023 do Orzamento en vigor, na modalidade de crédito extraordinario, financiado con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais por importe de 120.000 €.

O expediente expónse ao público polo prazo de quince días, da acordo co artigo 169 do Texto Refundido 2/2004, do 5 de marzo, da Lei reguladora das facendas locais, na Intervención deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Todo iso, de conformidade ao establecido no artigo 177 en relación ao disposto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Burela, 2 de agosto de 2023.- A ALCALDESA, MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO.

R. 2570

*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE 1144/2019 INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS DO CONCELLO DE BURELA.**

O Pleno da Corporación, na Sesión Extraordinaria realizada o día 10 de maio de 2023 aprobou de forma definitiva o expediente da formación do Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Corporación, cuxos datos pormenorizados de cada ben e dereito son os recolleitos no expediente, sendo o seu resumo por epígrafes o seguinte:

EPÍGRAFES	Número de Bens e Deitos que comprende	Folios	Valoración
1º Inmobles			
EPÍGRAFE 1A- FINCAS URBANAS	90	1 ao 91	11.467.287,49 €
EPÍGRAFE 1B- FINCAS RÚSTICAS	24	1 ao 24	474.856,71 €
EPÍGRAFE 1C- VÍAS MUNICIPAIS	249	1 ao 259	3.757.197,00 €
EPÍGRAFE 1D- OUTROS BENS	15	1 ao 15	22.450,00 €
EPÍGRAFE 1E- CESIÓNS A VIAIS E COMPRA DE TERREOS A VIAIS			
1E1- Cesiões obrigatorias a viais		1 ao 0	€
EPÍGRAFE 1F- INFRAESTRUTURAS			
1F1- Saneamento		1 ao 0	€
1F2- Abastecemento		1 ao 0	€
1F3- Alumeado		1 ao 0	€
2º Dereitos Reais	2	1 ao 2	2.025,71 €
3º Mobles de carácter histórico, artísticos	89	1 ao 0	41.750,00 €
4º Valores mobiliarios Creditos e Dereitos de carácter persoal			
EPÍGRAFE 4A- CRÉDITOS E DEREITOS		1 ao 0	€
EPÍGRAFE 4B- VALORES MOBILIARIOS		1 ao 0	€
5º Vehículos	26	1 ao 0	304.495,00 €
6º Semoventes		1 ao 0	€
7º Mobles non comprendidos nos anteriores enunciados			
EPÍGRAFE 7.1- BENS SIMPLES	245	1 ao 0	115.235,00 €
EPÍGRAFE 7.2- BENS POR CANTIDADE	203	1 ao 0	503.389,70 €

8º Bens e dereitos revertibles		1 ao 0	€
9º Bens adscritos		1 ao 0	€
		TOTAIS	15.723.816,91 €

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa, de conformidade co disposto no artigo 112 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, pode interpor alternativamente recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía do Concello de Burela, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso potestativo de reposición non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Burela, 3 de agosto de 2023.- A Alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R.2571

A FONSAGRADA

Anuncio

Procedemento:Aprobación dun Padrón Fiscal

Expediente número: 381/2023

Asunto:Anuncio no Boletín Oficial da Provincia sobre a aprobación do padrón do servizo de asistencia ao fogar no mes de xuñodo 2023

Aprobado por Decreto de Alcaldía do 20 de xullode 2023, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrancia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de xuñodo 2023, polo importe total de 12.807,26€ (dependencia) e 271,200€ (prestación básica).

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA)

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 31 de xullo de 2023.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 2542

FOZ

Anuncio

Expediente 1347/2023

Aprobado inicialmente polo Pleno deste Concello en sesión ordinaria realizada o 27 de xullo de 2023, o regulamento de control interno na súa modalidade de Fiscalización e Intervención previa limitada, expónse ao público polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio, dentro do cal os interesados poderán presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

De non presentarse reclamacións ou suxestións entenderase definitivo o acordo provisional. O expediente atópase a disposición nas dependencias municipais do Concello.

Foz, 3 de agosto de 2023.- O Alcalde, Francisco Cajoto Caseiro.

R. 2580

LUGO
Anuncio

CONCELLO DE LUGO. ORGANIZACIÓN MUNICIPAL CORPORACIÓN 2023-2027.

A) Con data do 26 de xuño de 2023, o Pleno do Excmo. Concello de Lugo celebrou sesión extraordinaria na que, nuns casos, tomou razón das resolucións e, noutros, adoptou os acordos relativos á organización municipal que, a seguir, se relacionan.

Exp. 2023/G004/000484

1/73 DACIÓN DE CONTA DOS ESCRITOS DE CONSTITUCIÓN DE GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS E DE DESIGNACIÓN DE PORTAVOCES (Exp. 2023/G004/000484).- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta da alcaldesa presidenta, do 21 de xuño de 2023, do seguinte teor literal:

“De conformidade co establecido nos artigos 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 27 e seguintes do ROMP, os grupos políticos constituiranse mediante escrito dirixido á Presidenta da Corporación, subscrito por todos os seus integrantes, e que se presentará no Rexistro do Pleno dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución dela.

Constituída, o 17 de xuño de 2023, a Corporación municipal resultante das Eleccións Locais celebradas o 28 de maio de 2023 e, tendo en conta que os escritos, ós que se fai referencia no parágrafo anterior, foron presentados no rexistro do Pleno no prazo establecido, **DÁSELLE CONTA** ó Excmo. Concello Pleno da constitución dos grupos políticos municipais, dos seus integrantes, portavoces e suplentes deles, segundo o seguinte detalle:

GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DA CORPORACIÓN DE LUGO.

DENOMINACIÓN: GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.

Data de presentación do escrito de constitución: 19 de xuño de 2023.

Número de rexistro xeral do Pleno: 118

Compoñentes:

Don Rubén Arroxo Fernández.

Dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

Don Alexandre Penas Roibás.

Dona María Cristina López Fernández.

Don Felipe Rivas Jorge.

Portavoz:

Don Rubén Arroxo Fernández.

Suplentes do portavoz:

Dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

Don Alexandre Penas Roibás.

Dona María Cristina López Fernández.

Don Felipe Rivas Jorge.

DENOMINACIÓN: GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Data de presentación do escrito de constitución: 19 de xuño de 2023

Número de rexistro xeral do Pleno: 119

Compoñentes:

Dona Elena Candia López.

Dona Cristina Sanz Arias.

Don Enrique Ceferino Rozas López.

Don Antonio Ameijide Osorio.
Don Javier Vázquez Prado.
Dona Flora Rubinos Rois.
Dona Silvia Colmenero Guzmán.
Don Ramón Manuel Cabarcos Rodríguez.
Don Agustín Gallego Vigo.
Dona Aurora Aida Goás Castro.
Don Gustavo Enrique Díaz Rey.
Dona María del Mar Carballas Piñeiro.

Portavoz:

Dona Elena Candia López.

Portavoz suplente:

Dona Cristina Sanz Arias.

Portavoz adxunto:

Don Enrique Ceferino Rozas López.

Portavoz adxunto suplente:

Don Antonio Ameijide Osorio.

DENOMINACIÓN: GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE

Data de presentación do escrito de constitución: 21 de xuño de 2023

Número de rexistro xeral do Pleno: 120

Compoñentes:

Dona Lara Méndez López.
Don Miguel Fernández Méndez.
Dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.
Don Mauricio Victorio Repetto Morbán.
Dona Ana María González Abelleira.
Don Jorge Bustos Atanasio.
Dona Olga López Racamonde.
Don Ángel Pablo Permuy Villanueva.

Portavoz:

Dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

Suplentes da portavoz:

Don Miguel Fernández Méndez.
Don Mauricio Victorio Repetto Morbán.
Dona Ana María González Abelleira.
Don Jorge Bustos Atanasio.
Dona Olga López Racamonde.
Don Ángel Pablo Permuy Villanueva.”

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

Exp. 2023/G004/000500

2/74 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 5756, DO 21 DE XUÑO DE 2023, DO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS, SOBRE ORGANIZACIÓN MUNICIPAL DA CORPORACIÓN 2023-2027: XUNTA DE GOBERNO, TENENCIAS DE ALCALDÍA, ÁREAS DE GOBERNO E CONCELLERÍAS DELEGADAS (2023/G004/000500).- Examinado o expediente tramitado para estes efectos, ao Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA do Decreto número 5756, do 21 de xuño de 2023, do Libro Único de Resolucións, do seguinte teor:

“DECRETO**Excma. Sra. alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo, dona Lara Méndez López.**

O pasado día 17 de xuño de 2023, constituíuse a corporación municipal resultante do proceso electoral celebrado o día 28 de maio de 2023, e tendo en conta a necesidade de asegurar o normal funcionamento dos servizos municipais, esta Alcaldía, en cumprimento do establecido no artigo 124 do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) e no Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo (ROMGA), **RESOLVE**:

PRIMEIRO.- Deixar sen efecto o Decreto número 2973/2021, do 16 de abril de 2021, que contiña as disposicións vixentes ata o 16 de xuño de 2023 en materia de organización municipal.

SEGUNDO.- Nomear, de conformidade co establecido nos artigos 126 e concordantes do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 12 e concordantes do ROMGA, baixo a presidencia da Excma. Sra. alcaldesa, dona Lara Méndez López, membros da **XUNTA DE GOBERNO LOCAL** os seguintes:

- Sr. D. Miguel Fernández Méndez
- Sra. D.^a Mercedes Paula Alvarellos Fondo
- Sr. D. Mauricio Vitorio Repetto Morbán
- Sra. D.^a Ana María González Abelleira
- Sr. D. Rubén Arroxo Fernández
- Sra. D.^a Tareixa Antía Ferreiro Tallón
- Sra. D.^a María Cristina López Fernández

TERCEIRO.- Designar concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local a don Miguel Fernández Méndez e primeiro e segunda suplentes deste aos concelleiros don Rubén Arroxo Fernández e dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo, respectivamente.

Ás súas sesións -cando sexan convocadas/os ou a súa presenza sexa requirida pola presidencia deste órgano municipal- asistirán a persoa titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno e ao seu concelleiro secretario e o interventor xeral municipal (ou funcionarias/os ás/aos que se lles encomenden estes cometidos).

CUARTO.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria todos os **mércores ás dez horas**, en primeira convocatoria, e unha hora despois en segunda convocatoria. A devandita sesión será presencial, sen prexuízo de que se poida celebrar de xeito telemático en casos excepcionais. Deberáselles preavisar, para tal efecto, con carácter previo, aos membros deste órgano colexiado.

Se o día fixado para a celebración da sesión ordinaria fose festivo ou inhábil, celebrarase sesión o seguinte día hábil.

QUINTO.- Nomear, de conformidade co establecido no artigo 124.e) do vixente texto da LRBRL e 28 do ROMGA, tenentas e tenentes de alcaldesa as seguintes concelleiras e concelleiros. Quedará establecida a seguinte orde para as **tenentas e tenentes de alcaldesa**:

- primeiro tenente de alcaldesa: Ilmo. Sr. D. Rubén Arroxo Fernández
- segundo tenente de alcaldesa: Ilmo. Sr. D. Miguel Fernández Méndez
- terceira tenenta de alcaldesa: Ilma. Sra. D.^a Mercedes Paula Alvarellos Fondo
- cuarta tenenta de alcaldesa: Ilma. Sra. D.^a Tareixa Antía Ferreiro Tallón
- quinto tenente de alcaldesa: Ilmo. Sr. D. Mauricio Vitorio Repetto Morbán
- sexta tenenta de alcaldesa: Ilma. Sra. D.^a Ana María González Abelleira
- sétima tenenta de alcaldesa: Ilma. Sra. D.^a María Cristina López Fernández

As tenentas e os tenentes de alcaldesa substituirán a alcaldesa pola orde do seu nomeamento nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou abstención legal.

SEXTO.- Determinar a denominación e ámbito material das **ÁREAS DE GOBERNO MUNICIPAL** segundo o seguinte detalle:

ÁREA DE ALCALDÍA

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos proxectos estratéxicos de transformación da cidade, así como a “Axenda 2030 para un desenvolvemento sostible”, sen prexuízo de que o seu seguimento e xestión ordinaria poida ser obxecto de delegación específica ou atribución a outra área, que serán, como mínimo, os relativos ás seguintes materias: estratexias de xestión dos fondos europeos, goberno

municipal e organización dos servizos administrativos e relacións institucionais con todo tipo de organismos ou entidades públicos e privados, incluíndo as actuacións de carácter protocolario.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes **órganos directivos**:

- Secretaría Xeral do Pleno
- Órgano de apoio á Xunta de Goberno Local
- Asesoría Xurídica
- Intervención Xeral
- Secretaría da Administración municipal

Así mesmo, dentro desta área inclúense os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Actas e Goberno (unidades de Actas, de Gobernación e Normalización Lingüística), Asesoría Xurídica, Servizo de Intervención, Gabinete da Alcaldía e Oficina de Prensa, Conserxería e Notificadores, Policía Local e os seus auxiliares e Sección de Mobilidade e Sancións respecto do procedemento sancionador, Servizo de Prevención e Extinción de Incendios, Parque Móbil municipal e Oficina EDUSI.

Así mesmo, adscríbese a esta área a dona Marta Carballal Neira, adxunta ao xefe de servizo de Enxeñería para a colaboración naqueles proxectos estratéxicos que designe a alcaldesa.

ÁREA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA E IMPULSO RURAL

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- protección do medio ambiente e cambio climático,
- xestión enerxética eficiente,
- xestión integral de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria,
- parques e xardíns e zonas verdes,
- Plan especial de protección do río Miño (PEPRIM),
- vixilancia do acondicionamento de espazos libres de maleza,
- almacenamento de verteduras incontroladas,
- xestión integral do ciclo da auga e as súas redes e
- conservación, limpeza e obras ordinarias en vías públicas e infraestruturas do ámbito rural.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Medio Ambiente, Servizo de Augas, Unidade Administrativa de Parques e Xardíns, a Brigada de Augas e Saneamento, Unidade de Zona Rural, Parque Móbil e Brigada e Parque de Maquinaria.

ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- ordenación e xestión urbanística e execución do planeamento urbanístico,
- intervención na regulación do mercado do solo e xestión do patrimonio municipal do solo,
- intervención no exercicio das facultades dominicais relativas ao uso do solo e edificación,
- actuacións de disciplina urbanística,
- promoción e xestión de vivenda,
- conservación e protección do patrimonio histórico-artístico,
- fomento da conservación e rehabilitación das edificacións,
- actuacións de arqueoloxía para preservación do patrimonio,
- vixilancia e control de establecementos industriais, comerciais, de servizos, de espectáculos e actividades recreativas, establecementos públicos e outras instalacións sometidas a autorización municipal e
- contratación local, fomento da actividade de interese público e patrimonio municipal.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Urbanismo, Servizo de Licenzas, Servizo de Arquitectura, Oficina de Rehabilitación, Oficina de Arqueoloxía, Servizo de Contratación e Patrimonio, Servizo de Fomento e Empresa Municipal de Vivenda e Solo -EVISLUSA-.

Dentro desta área, créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- xestión e xeración de recursos económicos,
- contabilidade,
- tesourería e recadación,
- facenda local e xestión e inspección tributaria,
- médica municipal e
- xestión do persoal ao servizo da corporación local.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes **órganos directivos**:

Tesourería Xeral (órgano de xestión económico-financeira), que terá atribuídas as funcións de coordinación específica con respecto aos procedementos relacionados cos seguintes servizos e/ou materias: Tesourería, Contabilidade, Facenda Local e Inspección de Tributos da área.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Tesourería, Servizo de Facenda Local, Servizo de Inspección de Tributos, órgano orzamentario e de contabilidade, Servizo de Prevención e Saúde, Médica municipal, Servizo de Informática e Servizo de Persoal.

Esta área poderá estar asistida por un/unha DIRECTOR/A XERAL DE RECURSOS HUMANOS - posto directivo creado por acordo número 7/122 da sesión plenaria celebrada o 30 de xuño de 2016- coas funcións que lle atribúe o artigo 56 do ROMGA en materia de recursos humanos. Quedan integrados na citada dirección xeral os postos de traballo e as unidades que forman parte do Servizo de Persoal.

ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- fomento e promoción da actividade económica,
- fomento e promoción do comercio,
- formación e fomento do emprego,
- estratexias xerais de desenvolvemento local,
- festivais musicais e de artes para o desenvolvemento local (Caudal Fest) e
- seguimento da estratexia dos fondos europeos asignados pola Alcaldía.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Espazo Lab, talleres e obradoiros de emprego, Axencia de Desenvolvemento Local e CEI- NODUS.

Dentro desta área, créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE XUVENTUDE E DEPORTES** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- servizos e actuacións que teñan que ver coa xuventude,
- prevención das drogodependencias,
- Casa da Música,
- actividades de dinamización económica da xuventude,
- actividades, instalacións e equipamentos deportivos,
- fomento do deporte e

- ARDE LUCUS.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: puntos de información xuvenil, Sección de Xuventude, Casa da Xuventude, Servizo de Atención a Drogodependentes, Casa de Música e Sección de Deportes.

ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- promoción e atención á muller (os servizos vinculados co CIM de Lugo),
- promoción da igualdade e da diversidade en todos os eidos,
- organizacións non gobernamentais,
- minorías étnicas e inclusión social,
- emigración e inmigración,
- centros de dinamización rural e
- dinamización e promoción sociocultural (animación sociocultural).

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Centro de Atención á Muller, centros de dinamización rural e Casa "Clara Campoamor".

Dentro desta área, créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE BENESTAR SOCIAL E MAIORES** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- prestación dos servizos sociais, de promoción e reinserción social (servizos comunitarios especializados),
- instalacións e equipamentos de carácter social,
- intervención na adxudicación das vivendas sociais,
- pisos de emerxencia social para erradicar a exclusión social,
- voluntariado social,
- centros de servizos sociais: centros de convivencia, Fogar do Transeúnte e
- edificio de vivendas adaptadas para persoas con mobilidade reducida e outras discapacidades (Casa Domótica).

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Servizos Sociais; centros de servizos sociais: centros de convivencia municipais, Fogar do Transeúnte, pisos de acollida e Centro de Día 'Antonio Gandoy'.

ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- convenio Lugo cultural,
- actividades e instalacións e equipamentos culturais,
- festexos populares,
- bibliotecas públicas,
- museos e salas de exposicións,
- turismo e promoción da cidade,
- banda municipal de música e escola municipal de música e
- Casa das Linguas.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Cultura, Turismo e

Promoción da Lingua, museos e salas municipais de exposicións, auditorios municipais, bibliotecas municipais, Oficina de Turismo, Casa das Linguas, Banda de Música e Escola Municipal de Música.

Dentro desta área, créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- educación, centros docentes e equipamentos educativos,
- centro de educación infantil,
- educación viaria (Parque Infantil de Tráfico) e
- atención integral á infancia e adolescencia.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Educación e pedagogos municipais, centros de educación infantil, celadores de colexios públicos e persoal do Parque Infantil de Tráfico.

ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- información e atención á cidadanía e participación cidadá,
- transparencia da información pública,
- defensa de usuarias/os e consumidoras/es,
- atención á saúde,
- sanidade e protección da salubridade pública,
- funcionalmente, transporte público e tarxeta cidadá,
- estatística e padrón municipal,
- cemiterio e servizos funerarios,
- taboleiro de edictos,
- arquivo municipal e
- abastos, feiras, mercados e venda ambulante.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Rexistro e Participación cidadá, Oficina de Información e Atención ao Cidadán-Participación Cidadá, Negociado de Consumo e Oficina Municipal de Información ao Consumidor, Arquivo municipal, Taboleiro de Edictos e Encargado e vixilantes de prazas e mercados.

ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías públicas e sinalización destas,
- transporte público de viaxeiros/as,
- negociado de policía,
- deseños de mobilidade urbana e plans de tráfico e
- organización viaria e coordinación de proxectos e obras no contorno urbano.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Sección de Policía, Tráfico e Transportes e brigada de sinalización viaria.

Dentro desta área, créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE INFRAESTRUTURAS URBANAS** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- conservación mantemento e limpeza e obras ordinarias en vías públicas, infraestruturas e bens do contorno urbano.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Enxeñería, Servizos Electromecánicos e Industriais, a Brigada Municipal de Vías e Obras e, funcionalmente, a Sección de Xestión (no que atinxe á tramitación de obras ordinarias).

SÉTIMO.- De conformidade co disposto no artigo 29 do ROMGA e coa excepción da Área de Goberno da Alcaldía, a titularidade das restantes áreas de goberno encoméndase do seguinte modo:

Ao primeiro tenente de alcaldesa, Ilmo. Sr. D. Rubén Arroxo Fernández, atribúeselle a titularidade da **ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS**.

Ao segundo tenente de alcaldesa, Ilmo. Sr. D. Miguel Fernández Méndez, atribúeselle a titularidade da **ÁREA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA E IMPULSO RURAL**.

Á terceira tenenta de alcaldesa, Ilma. Sra. D.^a Mercedes Paula Alvarellos Fondo, atribúeselle a titularidade da **ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS**.

Á cuarta tenenta de alcaldesa, Ilma. Sra. D.^a Tareixa Antía Ferreiro Tallón, atribúeselle a titularidade da **ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA**.

Ao quinto tenente de alcaldesa, Ilmo. Sr. D. Mauricio Vitorio Repetto Morbán, atribúeselle a titularidade da **ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA**.

Á sexta tenenta de alcaldesa, Ilma. Sra. D.^a Ana González Abelleira, atribúeselle a titularidade da **ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL**.

Á sétima tenenta de alcaldesa, Ilma. Sra. D.^a M.^a Cristina López Fernández, atribúeselle a titularidade da **ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA**.

De conformidade co disposto nos artigos 29, 37 e 41 do ROMGA, as e os tenentes de alcaldesa delegados de área son as xefas e os xefes da área que se lles asigna, e a súa titularidade levará aparellada as funcións de dirección, planificación e coordinación, sen prexuízo das delegacións de atribucións que lles confira a Xunta de Goberno Local ou a Alcaldía.

OITAVO.- Determinar o réxime de suplencias das e dos tenentes de alcaldesa de acordo co seguinte:

As e os tenentes de alcaldesa delegados de área, nos supostos de vacante, enfermidade ou impedimento que imposibilite para o exercicio do cargo, ou cando por calquera causa houberan de ausentarse por períodos superiores a 24 horas, e non se ditase acordo ao respecto da súa substitución, serán suplidas/os da seguinte forma:

1. Ao tenente de alcaldesa delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas suplirao a **tenenta de alcaldesa delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua**.
2. Ao tenente de alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica e Impulso Rural suplirao a **tenenta de alcaldesa delegada da Área de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos**.
3. Á tenenta de alcaldesa delegada da Área de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos supliraa o **tenente de alcaldesa delegado da Área de Dinamización Económica**.
4. Á tenenta de alcaldesa delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua supliraa a **tenenta de alcaldesa delegada da Área de Participación e Servizos para a veciñanza**.
5. Ao tenente de alcaldesa delegado da Área de Dinamización Económica suplirao a **tenenta de alcaldesa delegada da Área de Cohesión Social**.
6. Á tenenta de alcaldesa delegada da Área de Cohesión Social supliraa o **tenente de alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica e Impulso Rural**.
7. Á tenenta de alcaldesa delegada Área de Participación e Servizos para a Veciñanza supliraa o **tenente de alcaldesa delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas**.

No caso de que se atopasen ausentes, a tenenta ou o tenente de alcaldesa titular dunha área e o seu suplente, a alcaldesa asumirá as atribucións de ambas/os as/os delegadas/os, con independencia da persoa que nese momento estea desempeñando a Alcaldía.

NOVENO.- DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA.- Delegar nas e nos tenentes de alcaldesa delegados de área e nos concelleiros/as delegados/as o exercicio das atribucións que lle correspondan a esta Alcaldía, sempre e cando non sexan indelegables ou esta se reservase o seu exercicio, en relación cos servizos, actividades e materias comprendidas nas súas respectivas áreas e concellerías delegadas.

A delegación de atribucións efectuada abrangue:

- a facultade de dirección específica dos servizos incluídos na súa respectiva área e concellería delegada,
- a xestión dos servizos en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos, incluso os que afecten a terceiros,
- a sinatura de convenios e contratos, se ben esta Alcaldía, sen necesidade de avocación formal, poderá levar a cabo a sinatura dos documentos indicados,
- a autorización e disposición de gastos nas súas respectivas áreas e concellerías delegadas e
- corresponderalle ao concelleiro delegado de Economía e Recursos Humanos respecto de todas as facturas tramitadas polo Concello, o recoñecemento e liquidación da obriga así como a ordenación do pagamento, tanto se a súa autorización e disposición lle correspondese a el ou a outra área.

A alcaldesa **reservarase** para si as seguintes:

- as atribucións que, por disposición legal, sexan indelegables,
- **a resolución dos recursos de reposición,**
- exercicio das atribucións que lle corresponden á alcaldesa en relación cos servizos, actividades e materias comprendidos na **ÁREA DA ALCALDÍA,**
- a representación do Concello, agás nos supostos en que puntual e expresamente se delegue,
- a formalización de escrituras e demais documentos públicos que se refiran a acordos adoptados polo Pleno e
- a presidencia dos órganos colexiados municipais que lle corresponda, agás nos supostos de substitución por razóns de enfermidade, ausencia ou abstención legal ou por ter conferidas delegacións específicas para isto.

DÉCIMO.- As facultades de dirección interna e xestión dos servizos e actividades concretas incluídas nas respectivas **concellerías delegadas** estarán delegadas nas concelleiras e concelleiros que, a seguir, se indican:

1 en DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS,**

2 en DON JORGE BUSTOS ATANASIO respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE XUVENTUDE E DEPORTES,**

3 en DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE BENESTAR SOCIAL E MAIORES,**

4 en DON FELIPE RIVAS JORGE respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO e**

5 en DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE INFRAESTRUTURAS URBANAS.**

Supliranse as ausencias das/os concelleiras/os delegadas/os polas/os responsables das áreas nas que están adscritas.

As facultades delegadas incluírán a de resolver mediante actos administrativos, e exerceranse baixo a supervisión da tenente de alcaldesa delegada ou tenente de alcaldesa delegado da área na que se encadra a correspondente concellería.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Co fin de axilizar a tramitación dos expedientes administrativos, delégase **nas e nos tenentes de alcaldesa delegadas e delegados de área e concelleiras e concelleiros delegados** en relación cos asuntos propios de cada unha delas, a sinatura dos seguintes documentos:

- "**visto e prace**" das certificacións que deban ser expedidas polos órganos municipais con funcións de fe pública,
- os **oficios e comunicacións** a outras administracións públicas, calquera que sexa o órgano ou unidade administrativa á que vaian dirixidos, así como a xulgados e tribunais,
- **anuncios e edictos**, agás nos supostos contemplados no artigo 122.5 letra d) da Lei 7/1985 e
- en xeral, todas aquelas actuacións que non impliquen resolución dos expedientes e contribúan a impulsar a súa tramitación.

En supostos de urxencia, ausencia ou calquera imprevisto que impida a sinatura polas delegadas ou delegados, e co fin de non demorar os trámites correspondentes, esta Alcaldía, sen necesidade de avocación formal, poderá levar a cabo a sinatura dos documentos indicados.

DÉCIMO SEGUNDO.- VIXENCIA:

1.- Este decreto estará en vigor en tanto non se proceda á súa modificación, producirá efectos dende o día da súa sinatura e seralles notificado ás e aos interesados, e as delegacións de atribucións conferidas -para a súa eficacia- requirirán ser aceptadas por parte das/os delegadas/os, aceptación que se entenderá feita polo

transcurso de **TRES DÍAS DENDE** a notificación sen que se fixese manifestación ningunha ao respecto (artigo 7.3 do ROMGA).

2.- Deste decreto daráselle conta ao Excmo. Concello Pleno na primeira sesión que celebre; procederase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, á súa exposición no Taboleiro de Edictos e á súa comunicación aos servizos municipais.

Cúmprase.’

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

Exp. 2023/G004/000488

3/75 PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO RÉXIME DAS SESIÓNS PLENARIAS ORDINARIAS E DOS DÍAS E HORAS DE CELEBRACIÓN DESTAS.- Vista a proposta da alcaldesa presidenta, do 21 de xuño de 2023, do teor literal seguinte:

“De conformidade co artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF):

“Dentro dos trinta días seguintes ao da sesión constitutiva, o Alcalde convocará a sesión ou sesións extraordinarias do Pleno da Corporación que sexan precisas, co fin de resolver sobre os seguintes puntos:

a) Periodicidade de sesións do Pleno...”

Segundo o artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local:

“O Pleno celebra sesión ordinaria como mínimo cada mes nos concellos de municipios de máis de 20.000 habitantes.”

E, segundo o artigo 47.2 e 3 do ROMP:

“2. Ao comezo do mandato, o Pleno fixará, a proposta do Presidente ou Presidenta, a periodicidade das sesións ordinarias, respectando, en todo caso, a periodicidade mínima establecida pola lexislación básica de réxime local.

3. Determinada a periodicidade das sesións ordinarias, corresponderalle ao Presidente ou Presidenta fixar o día e a hora de cada sesión, salvo que se establecesen por acordo plenario ao comezo do mandato.

...”

Constituída o 17 de xuño de 2023 a Corporación municipal resultante das eleccións municipais celebradas o día 28 de maio de 2023, PROPÓNSELLE ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte RÉXIME DE SESIÓNS DO PLENO:

- * O Pleno da Corporación celebrará sesións ordinarias con periodicidade mensual os **últimos xoves de cada mes ás dez horas en primeira convocatoria**, e dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria, agás o mes de agosto.
- * Se o día sinalado para a celebración da sesión ordinaria coincidise cun festivo ou día inhábil, a sesión celebrarase o seguinte día hábil á mesma hora.
- * O Pleno poderá acordar o adianto ou atraso do día de celebración dalgunhas sesións ordinarias por causas xustificadas, sempre que se garanta a posibilidade de asistencia dos seus membros.

SEGUNDO.- A celebración das sesións plenarias ordinarias correspondentes aos meses de decembro e xullo poderán trasladarse aos meses inmediatamente anteriores, e quedará autorizada a Alcaldesa para fixar o día e hora da dita celebración, mantendo o seu carácter de ordinarias.”

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 23

- Votos a favor:	23	dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- Votos en contra:	0	
- Abstencións:	0	

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte RÉXIME DE SESIÓNS DO PLENO:

- * O Pleno da Corporación celebrará sesións ordinarias con periodicidade mensual os **últimos xoves de cada mes ás dez horas en primeira convocatoria**, e dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria, agás o mes de agosto.

- * Se o día sinalado para a celebración da sesión ordinaria coincidise cun festivo ou día inhábil, a sesión celebrarase o seguinte día hábil á mesma hora.
- * O Pleno poderá acordar o adianto ou atraso do día de celebración dalgunhas sesións ordinarias por causas xustificadas, sempre que se garanta a posibilidade de asistencia dos seus membros.

SEGUNDO.- A celebración das sesións plenarias ordinarias correspondentes aos meses de decembro e xullo poderán trasladarse aos meses inmediatamente anteriores, e quedará autorizada a Alcaldesa para fixar o día e hora da dita celebración, mantendo o seu carácter de ordinarias.

Exp. 2023/G004/000490

4/76 PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DA CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS PERMANENTES ORDINARIAS DO PLENO.- Vista a proposta da Alcaldía, do 21 de xuño de 2023, do teor literal seguinte:

“De conformidade co artigo 122 do ROMP:

“1. No inicio de cada mandato -e, en todo caso, dentro dos trinta días hábiles seguintes ao da constitución da Corporación-, o Pleno, por proposta do seu Presidente ou Presidenta, acordará a creación das comisións permanentes.”

Segundo o disposto no artigo 122.3), parágrafo segundo, e 122.4) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local:

“122.3...

En todo caso, o Pleno...disporá de Comisións que estarán formadas polos membros que designen os grupos políticos en proporción ao número de concelleiros que teñan no Pleno.

122.4. Corresponderanlles ás comisións as seguintes funcións:

- a) O estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno.*
 - b) O seguimento da xestión do Alcalde e do seu equipo de goberno, sen prexuízo do superior control e fiscalización que, con carácter xeral, lle corresponde ao Pleno.*
 - c) Aquelas que o Pleno lles delegue, de acordo co disposto nesta lei.*
- ...”*

E, tendo en conta os artigos 117 e seguintes do ROMP, correspóndelle ao Pleno acordar a creación, o número e a denominación destas comisións.

Constituída o 17 de xuño de 2023 a Corporación municipal resultante das eleccións municipais celebradas o día 28 de maio de 2023, PROPÓNSELLE ao Pleno da Corporación:

A aprobación da creación e composición de COMISIÓNS PERMANENTES ORDINARIAS (artigo 121 do ROMP), de acordo co seguinte:

1.- **Carácter e funcións:** as comisións permanentes ordinarias do Pleno asumen as funcións de estudo, informe e consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación, o seguimento da xestión do Alcalde ou Alcaldesa e do seu equipo de goberno, sen prexuízo do superior control e fiscalización que, con carácter xeral, lle corresponde ao Pleno, e as funcións resolutorias que o Pleno lles delegue.

2.- **Número e denominación:** créanse tres comisións permanentes ordinarias coas denominacións e ámbitos de actuación seguintes:

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA E IMPULSO RURAL** que coñecerá dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación, en relación coas materias comprendidas na Área de Transición Ecolóxica e Impulso Rural.
- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E COHESIÓN SOCIAL**, que coñecerá dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación, en relación coas materias comprendidas nas áreas de Dinamización Económica e na de Cohesión Social.
- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA E DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS**, que coñecerá dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación, en relación coas materias comprendidas nas seguintes áreas: Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e Mobilidade e Infraestruturas Urbanas.

3.- **Composición:** estarán integradas por 9 membros, de acordo co seguinte:

- 4 en representación do Grupo Municipal do Partido Popular
- 3 en representación do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE
- 2 en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Así mesmo, os grupos políticos municipais designarán un/unha suplente por cada un/unha dos/das seus/súas representantes, que substituirá á persoa titular en casos de ausencia, vacante, enfermidade ou causa que impida a súa asistencia á sesión.

Contarán cun/cunha presidente/a e cun/cunha vicepresidente/a, que serán elixidos/as de entre os seus membros pola propia comisión na súa sesión constitutiva e nomeados polo Presidente ou Presidenta do Pleno, quen poderá exercer a Presidencia da devandita sesión constitutiva ou delegala en calquera dos seus membros.

De conformidade co artigo 137 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (en adiante ROF), o presidente das comisións poderá requirir a presenza nas sesións de persoal ou membros da Corporación, para efectos informativos.

O Secretario ou Secretaria das comisións será o Secretario ou Secretaria Xeral do Pleno, ou funcionario/a en quen delegue.

4.- Réxime de sesións: as comisións permanentes ordinarias do Pleno celebrarán sesións ordinarias cunha periodicidade, polo menos, mensual. A propia comisión deberá fixar, na súa primeira reunión, a data e hora da celebración daquelas.”

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 23

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 23 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Votos en contra: | 0 | |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

A aprobación da creación e composición de COMISIÓNS PERMANENTES ORDINARIAS (artigo 121 do ROMP), de acordo co seguinte:

1.- Carácter e funcións: as comisións permanentes ordinarias do Pleno asumen as funcións de estudo, informe e consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación, o seguimento da xestión do Alcalde ou Alcaldesa e do seu equipo de goberno, sen prexuízo do superior control e fiscalización que, con carácter xeral, lle corresponde ao Pleno, e as funcións resolutorias que o Pleno lles delegue.

2.- Número e denominación: créanse tres comisións permanentes ordinarias coas denominacións e ámbitos de actuación seguintes:

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA E IMPULSO RURAL** que coñecerá dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación, en relación coas materias comprendidas na Área de Transición Ecolóxica e Impulso Rural.
- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E COHESIÓN SOCIAL**, que coñecerá dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación, en relación coas materias comprendidas nas áreas de Dinamización Económica e na de Cohesión Social.
- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA E DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS**, que coñecerá dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación, en relación coas materias comprendidas nas seguintes áreas: Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e Mobilidade e Infraestruturas Urbanas.

3.- Composición: estarán integradas por 9 membros, de acordo co seguinte:

- 4 en representación do Grupo Municipal do Partido Popular
- 3 en representación do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE
- 2 en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Así mesmo, os grupos políticos municipais designarán un/unha suplente por cada un/unha dos/das seus/súas representantes, que substituirá á persoa titular en casos de ausencia, vacante, enfermidade ou causa que impida a súa asistencia á sesión.

Contarán cun/cunha presidente/a e cun/cunha vicepresidente/a, que serán elixidos/as de entre os seus membros pola propia comisión na súa sesión constitutiva e nomeados polo Presidente ou Presidenta do Pleno, quen poderá exercer a Presidencia da devandita sesión constitutiva ou delegala en calquera dos seus membros.

De conformidade co artigo 137 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (en adiante ROF), o presidente das comisións poderá requirir a presenza nas sesións de persoal ou membros da Corporación, para efectos informativos.

O Secretario ou Secretaria das comisións será o Secretario ou Secretaria Xeral do Pleno, ou funcionario/a en quen delegue.

4.- Réxime de sesións: as comisións permanentes ordinarias do Pleno celebrarán sesións ordinarias cunha periodicidade, polo menos, mensual. A propia comisión deberá fixar, na súa primeira reunión, a data e hora da celebración daquelas.

Exp. 2023/G004/000492

5/77 PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DA CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS PERMANENTES ESPECIAIS DO PLENO.- Vista a proposta da Alcaldía, do 21 de xuño de 2023, do teor literal seguinte:

“O artigo 122 do Regulamento orgánico municipal do Pleno (en adiante ROMP) dispón que: “1. *No inicio de cada mandato -e, en todo caso, dentro dos trinta días hábiles seguintes ó da constitución da Corporación-, o Pleno, por proposta do seu Presidente ou Presidenta, acordará a creación das comisións permanentes.*”

Á súa vez, o artigo 122.3) parágrafo segundo e 122.4) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dispoñen:

“122.3...

En todo caso, o Pleno...disporá de Comisións que estarán formadas polos membros que designen os grupos políticos en proporción ó número de concelleiros que teñan no Pleno.

122.4. *Corresponderán ás comisións as seguintes funcións:*

- a) *O estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno.*
 - b) *O seguimento da xestión do Alcalde e do seu equipo de goberno, sen prexuízo do superior control e fiscalización que, con carácter xeral, lle corresponde ó Pleno.*
 - c) *Aquelas que o Pleno lles delegue, de acordo co disposto nesta lei.*
- ...”

E, tendo en conta os artigos 117 e seguintes do ROMP, correspóndelle ao Pleno acordar a creación, o número e a denominación destas comisións.

Constituída o 17 de xuño de 2023 a Corporación municipal resultante das eleccións municipais celebradas o día 28 de maio de 2023, PROPÓNSELLE ao Pleno da Corporación:

A aprobación da creación e composición de COMISIÓNS PERMANENTES ESPECIAIS (artigo 121.2 do ROMP), de acordo co seguinte:

1.- Carácter e funcións: as comisións permanentes especiais do Pleno rexeranse polas disposicións contidas no ROMP.

2.- Número e denominación: créanse dúas comisións permanentes especiais coas denominacións e ámbitos de actuación seguintes:

- **COMISIÓN PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA E SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS**, que terá as funcións que lle asignan os artigos 115 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e 130.3 do ROMP

Así mesmo, actuará como comisión permanente ordinaria para os asuntos relativos ás áreas de goberno con competencias en materia de Alcaldía e de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos. Neste suposto, tamén asistirá ás súas reunións a persoa titular do órgano de xestión presupostaria, de existir, cando se traten asuntos relativos ao estudo, consulta, informe, ditame do orzamento e, se é o caso, a aprobación do orzamento ou das súas modificacións.

Ás sesións da Comisión Permanente Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía e Sostibilidade Urbana e Recursos Internos asistirán, en todo caso, o Interventor ou Interventora Xeral, así como a persoa titular do órgano de xestión económico-financeira.

- **COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS E PERMANENTE ORDINARIA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA**, que terá as funcións que lle asigna o artigo 132 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local e o disposto nos artigos 131 a 135 do ROMP.

Así mesmo, actuará como comisión permanente ordinaria para os asuntos relativos á área de goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza.

3.- Composición: estarán integradas por 9 membros, de acordo co seguinte:

- 4 en representación do Grupo Municipal do Partido Popular
- 3 en representación do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE
- 2 en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Así mesmo, os grupos políticos municipais designarán un/unha suplente por cada un/unha dos/das seus/súas representantes, que substituirá a persoa titular en casos de ausencia, vacante, enfermidade ou causa que lle impida a súa asistencia á sesión.

Contarán cun/cunha presidente/a e un/unha vicepresidente/a, que serán elixidos/as de entre os seus membros pola propia comisión na súa sesión constitutiva e nomeados polo Presidente ou Presidenta do Pleno, quen poderá exercer a Presidencia da devandita sesión constitutiva ou delegala en calquera dos seus membros.

De conformidade co artigo 137 del Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (en adiante ROF), o/a presidente/a das comisións poderá requirir a presenza nas sesións de persoal ou membros da Corporación, para efectos informativos.

O Secretario ou Secretaria das comisións será o Secretario ou Secretaria Xeral do Pleno, ou funcionario/a en quen delegue.

4.- Réxime de sesións: as comisións permanentes especiais do Pleno celebrarán sesións ordinarias cunha periodicidade, polo menos, mensual, debendo fixar a propia comisión, na súa primeira reunión, a data e hora da celebración daquelas.”

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 23

- **Votos a favor:** 23 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

A aprobación da creación e composición de COMISIÓNS PERMANENTES ESPECIAIS (artigo 121.2 do ROMP), de acordo co seguinte:

1.- Carácter e funcións: as comisións permanentes especiais do Pleno rexeranse polas disposicións contidas no ROMP.

2.- Número e denominación: créanse dúas comisións permanentes especiais coas denominacións e ámbitos de actuación seguintes:

- **COMISIÓN PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA E SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS**, que terá as funcións que lle asignan os artigos 115 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e 130.3 do ROMP

Así mesmo, actuará como comisión permanente ordinaria para os asuntos relativos ás áreas de goberno con competencias en materia de Alcaldía e de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos. Neste suposto, tamén asistirá ás súas reunións a persoa titular do órgano de xestión presupostaria, de existir, cando se traten asuntos relativos ao estudo, consulta, informe, ditame do orzamento e, se é o caso, a aprobación do orzamento ou das súas modificacións.

Ás sesións da Comisión Permanente Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía e Sostibilidade Urbana e Recursos Internos asistirán, en todo caso, o Interventor ou Interventora Xeral, así como a persoa titular do órgano de xestión económico-financeira.

- **COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS E PERMANENTE ORDINARIA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA**, que terá as funcións que lle asigna o artigo 132 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local e o disposto nos artigos 131 a 135 do ROMP.

Así mesmo, actuará como comisión permanente ordinaria para os asuntos relativos á área de goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza.

3.- Composición: estarán integradas por 9 membros, de acordo co seguinte:

- 4 en representación do Grupo Municipal do Partido Popular
- 3 en representación do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE
- 2 en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Así mesmo, os grupos políticos municipais designarán un/unha suplente por cada un/unha dos/das seus/súas representantes, que substituirá a persoa titular en casos de ausencia, vacante, enfermidade ou causa que lle impida a súa asistencia á sesión.

Contarán cun/cunha presidente/a e un/unha vicepresidente/a, que serán elixidos/as de entre os seus membros pola propia comisión na súa sesión constitutiva e nomeados polo Presidente ou Presidenta do Pleno, quen poderá exercer a Presidencia da devandita sesión constitutiva ou delegala en calquera dos seus membros.

De conformidade co artigo 137 del Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (en adiante ROF), o/a presidente/a das comisións poderá requirir a presenza nas sesións de persoal ou membros da Corporación, para efectos informativos.

O Secretario ou Secretaria das comisións será o Secretario ou Secretaria Xeral do Pleno, ou funcionario/a en quen delegue.

4.- Réxime de sesións: as comisións permanentes especiais do Pleno celebrarán sesións ordinarias cunha periodicidade, polo menos, mensual, debendo fixar a propia comisión, na súa primeira reunión, a data e hora da celebración daquelas.

Exp. 2023/G004/000496

6/78 PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA ÁS ASIGNACIÓNS POR ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS A MEMBROS DA CORPORACIÓN E ASIGNACIÓNS ECONÓMICAS AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.- Vista a proposta da alcaldesa presidenta, do 26 de xuño de 2023, do teor literal seguinte:

“Na lexislación vixente en materia de réxime local prevese que só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo Pleno desta (artigo 75.3. da LRBRL).

Así mesmo, prevese a percepción de indemnizacións a todos os membros das corporacións locais polos gastos efectivos ocasionados no exercicio dos seus cargos, segundo as normas de aplicación xeral nas administracións públicas e as que, no seu desenvolvemento, aprobe o Pleno corporativo (art. 75.4 do mesmo texto legal).

As corporacións locais consignarán nos seus presupostos as indemnizacións e asistencias mencionadas, dentro dos límites que con carácter xeral se establezan, de ser o caso. Deberán publicarse integramente no Boletín Oficial da Provincia e fixarse no Taboleiro de Anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes a indemnizacións e asistencias.

Tamén a citada lei de réxime local, no seu artigo 73, establece que, para os efectos da súa actuación corporativa, os membros das corporacións locais se constituirán en grupos políticos e, coa finalidade de facilitar o seu labor, determina que o Pleno da Corporación, con cargo aos seus presupostos, poderá asignarlles aos grupos políticos unha dotación económica, que constará dun compoñente fixo, idéntico para todos os grupos, e outro variable, en función do número de membros de cada un deles.

Para todos estes efectos, na Base 18.j) 1, 2 e 3 e 18.k) 1 de execución do presuposto para o exercicio de 2023, recóllense as contías e condicións destas percepcións económicas.

Vista a proposta da Alcaldía do 21 de xuño de 2023 e tendo en conta as modificacións propostas pola Intervención Xeral municipal en correo de data 25 de xuño de 2023.

En concordancia co anteriormente exposto, e constituída o día 17 de xuño de 2023 a Corporación municipal resultante das eleccións locais celebradas o 28 de maio último **PROPÓNSELLE** ao Excmo. Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte **RÉXIME DE ASIGNACIÓNS POR ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS A MEMBROS DA CORPORACIÓN E GRUPOS POLÍTICOS**:

A) Determinación dos supostos de RETRIBUCIÓNS E ASIGNACIÓNS DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS:

1.- A/O Alcaldesa/Alcalde Presidente percibirá como retribución, en réxime de dedicación exclusiva, a cantidade de **74.288,00 euros**, repartidas en 14 mensualidades.

2.- Dentro da consignación global da correspondente aplicación orzamentaria, están dotados en réxime de dedicación exclusiva na contía de **53.641,20 euros**, repartidos en catorce mensualidades aos seguintes 14 concelleiros/concelleiras:

- Á tenenta de alcaldesa delegada da Área de Goberno de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos.
- Ó tenente de alcaldesa delegado da Área de Dinamización Económica.
- Á tenenta de alcaldesa delegada da Área de Cohesión Social.
- Ó concelleiro delegado de Economía e Recursos Humanos.
- Ó concelleiro delegado de Xuventude e Deportes.
- Á concelleira Delegada de Benestar e Maiores.
- Ó Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas.
- Á Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza.

- Á Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.
- Ó Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas.
- Ó Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento.
- Tres concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.

Aplicaráselles as asignacións anteriores aos cargos con dedicación exclusiva a proposta da Alcaldía Presidencia e tras a acreditación da existencia de crédito orzamentario.

As retribucións dos membros das Corporacións Locais serán obxecto de actualización nos mesmos termos recollidos para os funcionarios de carreira nas sucesivas Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

No caso de que un concelleiro/a con dedicación exclusiva ou parcial pasase a atoparse en situación de baixa por motivos de saúde, establecerase o complemento retributivo desde o primeiro día de incapacidade temporal que, sumado á prestación do réxime xeral da Seguridade Social, alcance ata un máximo do 100% das súas retribucións fixas do mes de inicio da incapacidade temporal.

No caso do cesamento anticipado á extinción do mandato, os membros corporativos saíntes terán dereito á liquidación pola parte proporcional das vacacións non desfrutadas no seu caso.

B) Determinación dos supostos nos que a concorrencia efectiva ás sesións de órganos colexiados devindicará dereito á percepción de ASISTENCIAS e contía destas.

1. Por asistencias a sesións, percibirán todos os membros electivos da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial as seguintes indemnizacións:

- a) Por concorrencia á sesións do Concello Pleno, a asistencia de 100 euros, sen que poida adquirirse o dereito a percibir máis dunha asistencia por día.
- b) Por concorrencia a sesións da Xunta de Goberno Local, a asistencia de 60 euros, coa mesma limitación do parágrafo anterior.
- c) Por concorrencia ás sesións das Comisións de Pleno, a asistencia de 100 euros, sen que poida adquirirse o dereito a percibir máis dunha asistencia por día.

Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial terán dereito á percepción destas asistencias.

C) Ao abeiro do establecido no artigo 73.3 da Lei de bases, a DOTACIÓN ECONÓMICA MENSUAL QUE CORRESPONDE A CADA GRUPO será a que resulte da suma dos seguintes conceptos:

- Compoñente fixo: 3.900,00 euros.
- Compoñente variable: 500,00 euros por membro.

SEGUNDO.- As dedicacións fixadas no seguinte acordo producirán efectos con carácter retroactivo ao día da efectiva delegación agás a establecida para a concellería da Área de Cohesión Social, que producirá efectos a partir do día 01.07.2023.”

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 23

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 10 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte **RÉXIME DE ASIGNACIÓNS POR ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS A MEMBROS DA CORPORACIÓN E GRUPOS POLÍTICOS:**

A) Determinación dos supostos de RETRIBUCIÓNS E ASIGNACIÓNS DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS:

1.- A/O Alcaldesa/Alcalde Presidente percibirá como retribución, en réxime de dedicación exclusiva, a cantidade de **74.288,00 euros**, repartidas en 14 mensualidades.

2.- Dentro da consignación global da correspondente aplicación orzamentaria, están dotados en réxime de dedicación exclusiva na contía de **53.641,20 euros**, repartidos en catorce mensualidades aos seguintes 14 concelleiros/concelleiras:

- Á tenenta de alcaldesa delegada da Área de Goberno de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos.
- Ó tenente de alcaldesa delegado da Área de Dinamización Económica.

- Á tenenta de alcaldesa delegada da Área de Cohesión Social.
- Ó concelleiro delegado de Economía e Recursos Humanos.
- Ó concelleiro delegado de Xuventude e Deportes.
- Á concelleira Delegada de Benestar e Maiores.
- Ó Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas.
- Á Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza.
- Á Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.
- Ó Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas.
- Ó Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento.
- Tres concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.

Aplicaráselles as asignacións anteriores aos cargos con dedicación exclusiva a proposta da Alcaldía Presidencia e tras a acreditación da existencia de crédito orzamentario.

As retribucións dos membros das Corporacións Locais serán obxecto de actualización nos mesmos termos recollidos para os funcionarios de carreira nas sucesivas Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

No caso de que un concelleiro/a con dedicación exclusiva ou parcial pasase a atoparse en situación de baixa por motivos de saúde, establecerase o complemento retributivo desde o primeiro día de incapacidade temporal que, sumado á prestación do réxime xeral da Seguridade Social, alcance ata un máximo do 100% das súas retribucións fixas do mes de inicio da incapacidade temporal.

No caso do cesamento anticipado á extinción do mandato, os membros corporativos saíntes terán dereito á liquidación pola parte proporcional das vacacións non desfrutadas no seu caso.

B) Determinación dos supostos nos que a concorrencia efectiva ás sesións de órganos colexiados devindicará dereito á percepción de ASISTENCIAS e contía destas.

1. Por asistencias a sesións, percibirán todos os membros electivos da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial as seguintes indemnizacións:

- a) Por concorrencia á sesións do Concello Pleno, a asistencia de 100 euros, sen que poida adquirirse o dereito a percibir máis dunha asistencia por día.
- b) Por concorrencia a sesións da Xunta de Goberno Local, a asistencia de 60 euros, coa mesma limitación do parágrafo anterior.
- c) Por concorrencia ás sesións das Comisións de Pleno, a asistencia de 100 euros, sen que poida adquirirse o dereito a percibir máis dunha asistencia por día.

Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial terán dereito á percepción destas asistencias.

C) Ao abeiro do establecido no artigo 73.3 da Lei de bases, a DOTACIÓN ECONÓMICA MENSUAL QUE CORRESPONDE A CADA GRUPO será a que resulte da suma dos seguintes conceptos:

- Compoñente fixo: 3.900,00 euros.
- Compoñente variable: 500,00 euros por membro.

SEGUNDO.- As dedicacións fixadas no presente acordo producirán efectos con carácter retroactivo ao día da efectiva delegación agás a establecida para a concellería da Área de Cohesión Social, que producirá efectos a partir do día 01.07.2023.

B) Con data do 27 de xullo de 2023, o Pleno do Excmo. Concello de Lugo celebrou sesión ordinaria na que tomou razón das resolucións que, a seguir, se relacionan.

Exp. 2023/G004/000584

15/93 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 6005/2023, DO 30 DE XUÑO DE 2023, RELATIVO Á CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE PORTAVOCES DO CONCELLO DE LUGO (2023/G004/000584).- Ó Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA do Decreto número 6005/2023 do 30 de xuño de 2023, relativo á constitución da Xunta de Portavoces do Concello de Lugo e que, a seguir, se transcribe:

’Excm. Sra. alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo, dona Lara Méndez López.

Visto o acordo número 1/73 adoptado no Pleno Extraordinario celebrado o pasado día 26 de xuño de 2023, relativo á dación de conta dos escritos de constitución dos grupos políticos municipais e de designación de portavoces, e tendo en conta o disposto no artigo 43 do ROMP, segundo o cal a Xunta de Portavoces, órgano deliberante e consultivo, estará presidida polo Presidente ou Presidenta do Pleno ou o concelleiro ou concelleira

en que delegue e integrada polos/polas portavoces dos grupos políticos; quedará constituída por resolución do Presidente ou Presidenta do Pleno, tan pronto como se formalizase a designación dos seus e das súas integrantes e reunirse cando sexa convocada polo Presidente ou Presidenta do Pleno, esta Alcaldía **DISPÓN** a constitución da Xunta de Portavoces e dos e das suplentes deles, segundo o seguinte detalle:

GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE

Portavoz:

Dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

Suplentes da portavoz:

Don Miguel Fernández Méndez.

Don Mauricio Victorio Repetto Morbán.

Dona Ana María González Abelleira.

Don Jorge Bustos Atanasio.

Dona Olga López Racamonde.

Don Ángel Pablo Permuy Villanueva.

GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Portavoz:

Don Rubén Arroxo Fernández.

Suplentes do portavoz:

Dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

Don Alexandre Penas Roibás.

Dona María Cristina López Fernández.

Don Felipe Rivas Jorge.

GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Portavoz:

Dona Elena Candia López.

Portavoz suplente:

Dona Cristina Sanz Arias.

Portavoz adxunto:

Don Enrique Ceferino Rozas López.

Portavoz adxunto suplente:

Don Antonio Ameijide Osorio.’

De todo o cal a Excm. Corporación Municipal quedou informada para os oportunos efectos.

Exp. 2023/G004/000585

17/94 DACIÓN DE CONTA DO ACORDO NÚMERO 2/349 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26 DE XUÑO DE 2023, RELATIVO Á DETERMINACIÓN, NÚMERO E CARACTERÍSTICAS DO PERSOAL EVENTUAL DA CORPORACIÓN MUNICIPAL 2023 (2023/G004/000585).- Examinado o expediente tramitado para os efectos DÁSELLE CONTA ó Excmo. Concello Pleno do acordo número 2/349 da Xunta de Goberno Local do 26 de xuño de 2023 que, a seguir e literalmente se transcribe:

’2/349 PERSOAL EVENTUAL DO CONCELLO DE LUGO CORPORACIÓN 2023-2027.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta da Alcaldía, do 26 de xuño de 2023, na parte expositiva do cal se fai constar:

‘Constituída o día 17 de xuño de 2023 a corporación municipal resultante das eleccións locais celebradas o día 28 de maio, e tendo en conta o establecido no artigo 127.1.h) e 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a Xunta de Goberno Local determinará o número e réxime do persoal eventual, sendo esta unha competencia indelegable.’

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da Intervención Xeral municipal e a conformidade da Vicesecretaría, no uso das súas atribucións, con base na proposta da Alcaldía e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, alcaldesa presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de

Transición Ecolóxica e Impulso Rural (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, tenenta de alcaldesa delegada da Área de Goberno de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Dinamización Económica (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, tenenta de alcaldesa delegada da Área de Goberno de Cohesión Social (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilma. Sra. D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, tenenta de alcaldesa delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma. Sra. D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, tenenta de alcaldesa delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- A aprobación do seguinte **CADRO DE PERSOAL DE FUNCIONARIOS EVENTUAIS:**

CADRO DE PERSOAL DE FUNCIONARIOS EVENTUAIS

CORPORACIÓN MUNICIPAL 2023

I. ALCALDÍA E GRUPO DE GOBERNO (ÁREA DE ALCALDÍA, ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS, ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA, ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL E ÁREA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA E IMPULSO RURAL)

1. Denominación do posto:

XEFA/E DO GABINETE DA ALCALDÍA

Número de postos:

- un

Autoridade á que presta a súa función de confianza ou asesoramento:

Alcaldía

Funcións:

- a) asistir e asesorar a alcaldesa no exercicio das súas funcións de dirección do goberno e da Administración municipal, así como naquéloutros asuntos ou materias que esta dispoña;
- b) proporcionarlle á alcaldesa o asesoramento e a información que resulte necesaria para o desempeño das súas competencias;
- c) o seguimento dos programas, plans, obxectivos e actividades das diferentes áreas de goberno, organismos públicos e sociedades municipais coa finalidade de facilitarlle á alcaldesa a coordinación da acción do goberno;
- d) recompilar de todos os órganos do Concello canta información sexa necesaria para o cumprimento das funcións asignadas ao Gabinete de Alcaldía;
- e) coordinar, a través da Dirección de Comunicación, a acción informativa do Concello e dos organismos públicos e sociedades municipais;
- f) coordinar e supervisar as actuacións en materia de protocolo;
- g) atender persoalmente aos membros da corporación e órganos directivos en cantos asuntos lle sexan formulados para a consideración e resolución pola Alcaldía;
- h) o control da entrada e despacho de canta documentación e correspondencia se lle dirixa directamente á Alcaldía e, en especial, as comunicacións das e dos concelleiros e grupos políticos municipais e
- i) demais funcións de confianza e asesoramento especial que se lle asignen.

Retribucións anuais:

43.901 euros.

2. Denominación do posto:

RESPONSABLE DIRECTOR/A DE COMUNICACIÓN

Número de postos:

- un

Autoridade á que presta a súa función de confianza ou asesoramento:

Alcaldía

Funcións:

as relacionadas cos medios de comunicación e a acción informativa e en especial:

- a) facilitarlle á Alcaldía a súa relación cos medios de comunicación social;
- b) a preparación, programación e execución da política de comunicación;
- c) as relacións cos medios de comunicación social e
- d) o tratamento documental e arquivo das informacións sobre temas municipais aparecidas nos medios de comunicación.

Retribucións anuais:

43.901 euros

3. Denominación do posto:

COLABORADORA/OR ASESORA/OR DO GABINETE DA ALCALDÍA

Número de postos:

tres

Autoridade á que presta a súa función de confianza ou asesoramento:

Alcaldía

Funcións:

servirlles de apoio e colaboración directa á Alcaldía e ao grupo de goberno, asesoramento especial, relacións institucionais, información e demais funcións que se lles asigne relacionadas coas propias de confianza e asesoramento especial.

Retribucións anuais:

35.925 euros.

4. Denominación do posto:

ASISTENTAS/ES SECRETARIAS/OS DO GABINETE DA ALCALDÍA E GRUPO DE GOBERNO

Número de postos:

- un

Autoridade á que prestan a súa función de confianza ou asesoramento:

Alcaldía e grupo de goberno

Funcións:

- a) serven de apoio organizativo a toda a actividade da alcaldesa e do grupo de goberno, así como a xestión das relacións públicas;
- b) demais funcións de confianza e asesoramento especial que se lle asignen.

Retribucións anuais:

27.956 euros.

II. GRUPO DE GOBERNO (ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA, ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA E ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS).

5. Denominación do posto

COLABORADORA/OR ASESORA/OR

Número de postos:

- dous

Autoridade á que prestan a súa función de confianza ou asesoramento:

Tenente de alcaldesa primeiro

Funcións:

servirle de apoio e colaboración directa ao grupo de goberno, asesoramento especial, relacións institucionais, información e demais funcións que se lles asignen relacionadas coas propias de confianza e asesoramento especial.

Retribucións anuais:

35.925 euros.

III GRUPOS POLÍTICOS

6. Denominación do posto:

RESPONSABLES DIRECTORAS/ES DE COMUNICACIÓN DO GRUPO

Número de postos:

- **dous**

Autoridade á que prestan a súa función de confianza ou asesoramento:

un posto ao Grupo Municipal Bloque Nacionalista Galego e outro ao Grupo Municipal Popular.

Funcións:

as relacionadas cos medios de comunicación e a acción informativa e en especial:

- a) facilitarlle ao grupo a súa relación cos medios de comunicación social;
- b) a preparación, programación e execución da política de comunicación;
- c) as relacións cos medios de comunicación social e
- d) o tratamento documental e arquivo das informacións sobre temas municipais aparecidas nos medios de comunicación.

Retribucións anuais:

43.901 euros.

7. Denominación do posto:

COLABORADORAS/ES ASESORAS/ES

Número de postos:

- **cinco**

Autoridade á que prestan a súa función de confianza ou asesoramento:

- **dous postos ao Grupo Municipal Socialista;**
- **dous postos ao Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e**
- **un posto ao Grupo Municipal Popular.**

Funcións:

as de asesoramento político ao grupo municipal e demais que se lles asignen relacionadas coas funcións estritamente de confianza e asesoramento especial deste persoal.

Retribucións anuais:

35.925 euros.

8. Denominación do posto:

ASISTENTAS/ES SECRETARIAS/OS

Número de postos:

- **catro**

Autoridade á que prestan a súa función de confianza ou asesoramento:

- **dous postos ao Grupo Municipal Socialista**
- **un posto ao Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e**
- **un posto ao Grupo Municipal Popular;**

Funcións:

- a) organizar, supervisar e colaborar na execución dos traballos que se desenvolvan no grupo municipal;
- b) efectuar traballos de transcripción de documentos;
- c) atención das comunicacións tanto telefónicas coma persoais que lle correspondan ao grupo municipal;
- d) arquivo da documentación e
- e) labores de secretaría do grupo en xeral.

Retribucións anuais:

27.956 euros.

SEGUNDO.- O réxime xurídico deste persoal eventual atópase regulado no artigo 104 da Lei de bases do réxime local, en concordancia co artigo 176 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e no artigo 12 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido do Estatuto básico do empregado público, en especial:

- queda prohibido o exercicio de funcións que impliquen a participación directa ou indirecta das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das administracións públicas que lle corresponden exclusivamente ao funcionariado público;
- en ningún caso, o desempeño deste posto constituirá mérito para o acceso á función pública ou á promoción interna;
- a este persoal seralle aplicable, no que sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral do funcionariado de carreira;
- este persoal estará suxeito ao réxime de incompatibilidade do funcionariado público;
- a dedicación será exclusiva e no horario de traballo determinado en función das necesidades existentes ou parcial, co horario determinado no decreto de nomeamento, e
- o seu cesamento terá lugar por resolución da Alcaldía e, en todo caso, cando se produza o de dona Lara Méndez López.'

De todo o cal a Excm. Corporación Municipal quedou informada para os oportunos efectos.

Exp. 2023/G004/000597

17/96 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 6017/2023, DO 30 DE XUÑO DE 2023, RELATIVO Á ASIGNACIÓN DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS A MEMBROS DA CORPORACIÓN (2023/G004/000597).- Ó Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** do Decreto número 6017/2023 do 30 de xuño de 2023, relativo á asignación de dedicacións exclusivas a membros da corporación e que, a seguir, se transcribe:

'Excm. Sra. Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo, dona Lara Méndez López.

Visto o acordo número 6/78 do Excmo. Concello Pleno, adoptado na sesión extraordinaria do día 26 de xuño de 2023, polo que se aproba a proposta desta Alcaldía no que atinxe ás retribucións dos membros da Corporación e, concretamente, dos e das que as percibirán polo exercicio dos seus cargos en réxime de dedicación exclusiva, entre os cales se contemplan os seguintes cargos:

- Á tenenta de alcaldesa delegada da Área de Goberno de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos.
- Ó tenente de alcaldesa delegado da Área de Dinamización Económica.
- Á tenenta de alcaldesa delegada da Área de Cohesión Social.
- Ó concelleiro delegado de Economía e Recursos Humanos.
- Ó concelleiro delegado de Xuventude e Deportes.
- Á concelleira Delegada de Benestar e Maiores.
- Ó Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas.
- Á Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza.
- Á Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.
- Ó Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas.
- Ó Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento.
- Tres concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.

Visto, así mesmo, o artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que establece que os membros das corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva ou parcial, determinando a Presidenta da Corporación os membros dela que realizarán as súas funcións neste réxime de dedicación.

Segundo o anterior e logo da aprobación polo Decreto número 5756/2023, do 21 de xuño, de organización municipal e nomeamento dos tenentes e tenentas de alcaldesa, e concelleiros delegados e concelleiras delegadas, e o informe de fiscalización do Interventor Xeral municipal do 28 de xuño do 2023, **RESOLVO:**

Primeiro.- Os seguintes membros da Corporación realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva:

- DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Excm. Sra. alcaldesa presidenta, coa cantidade de 74.288,00 euros, repartidos en 14 mensualidades.

Coa cantidade de 53.641,20 euros, repartidos en catorce mensualidades, aos seguintes 14 concelleiros/concelleiras:

- Á tenenta de alcaldesa delegada da Área de Goberno de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.
- Ó tenente de alcaldesa delegado da Área de Dinamización Económica, don Mauricio Vitorio Repetto Morbán.
- Á tenenta de alcaldesa delegada da Área de Cohesión Social, dona Ana María González Abelleira.
- Ó concelleiro delegado de Economía e Recursos Humanos, don Ángel Pablo Permy Villanueva.
- Ó concelleiro delegado de Xuventude e Deportes, don Jorge Bustos Atanasio.
- Á concelleira Delegada de Benestar e Maiores, dona Olga López Racamonde.
- Ó Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas, don Rubén Arroxo Fernández.
- Á Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza, dona María Cristina López Fernández.
- Á Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.
- Ó Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas, don Alexandre Penas Roibás.
- Ó Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento, don Felipe Rivas Jorge.
- Don Enrique Ceferino Rozas López (concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular).
- Dona Flora Rubinos Rois (concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular).
- Dona María del Mar Carballas Piñeiro (concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular).

Segundo.- Notifíqueseles aos interesados e interesadas coas seguintes indicacións:

- Lémbrese que a percepción das retribucións exclusivas é incompatible con outras con cargo aos presupostos das administracións públicas e entes, organismos ou empresas que dependan delas, ou o desenvolvemento doutras actividades, nos termos da normativa sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Tampouco terán dereito a percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados aínda que si ás indemnizacións que correspondan polos gastos ocasionados no exercicio dos seus cargos.
- O desempeño dun cargo con dedicación exclusiva require a súa aceptación polo designado ou designada.

Terceiro.- Notifíqueseles aos Servizos Económicos e ao de Persoal, para os efectos da súa alta no réxime xeral da Seguridade Social e aboamento das retribucións que correspondan, nos termos establecidos no acordo plenario número 6/78, do 26 de xuño de 2023.

Cúmprase.’

De todo o cal, a Excm. Corporación Municipal quedou informada para os oportunos efectos.

Exp. 2023/G004/000657

18/96 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 6507/2023, DO 20 DE XULLO DE 2023, RELATIVO Á COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS PERMANENTES ORDINARIAS E PERMANENTES ESPECIAIS DO PLENO E DESIGNACIÓN DE PRESIDENTES/AS E VICEPRESIDENTES/AS DELAS (Exp. 2023/G004/000657).- Ao Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA do decreto número 6507/2023, do 20 de xullo, relativo á composición das Comisións Permanentes Ordinarias e Especiais do Pleno e de designación dos seus presidentes/as e vicepresidentes/as, do seguinte teor literal:

“Excm. Sra. alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo, dona Lara Méndez López.

Vistos os acordos plenarios números 4/76 e 5/77 da sesión extraordinaria do 26 de xuño de 2023, polos que se aprobaron, respectivamente, as propostas da alcaldía relativas á creación e composición das Comisións Permanentes Ordinarias e Permanentes Especiais do Pleno; vistos os escritos dos voceiros dos distintos grupos municipais designando aos membros que formarán parte delas en representación de cada grupo, así como aos e ás que exercerán como portavoces; vistas as actas de constitución das ditas Comisións celebradas o día 20 de xullo de 2023, nas que se procedeu, entre outros aspectos, á elección de presidentes/as e vicepresidentes/as delas, e de conformidade co disposto nos artigos 118.1 e 124 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno, **RESOLVO:**

Primeiro.- Efectuar, de conformidade cos escritos presentados polos voceiros dos distintos grupos municipais, o nomeamento dos membros das comisións permanentes ordinarias e especiais, así como dos/das seus/súas presidentes/as e vicepresidentes/as (elixidos no seu das propias comisións) segundo o seguinte detalle:

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA E IMPULSO RURAL**

Composición (en representación dos grupos municipais):

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: don Miguel Fernández Méndez (que actuará como portavoz), dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo e dona Olga López Racamonde.

Suplentes: Resto de concelleiros por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: don Alexandre Penas Roibás (que actuará como portavoz) e don Felipe Rivas Jorge.

Suplentes: don Rubén Arroxó Fernández, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón e dona María Cristina López Fernández.

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: dona Flora Rubinos Hermida (que actuará como portavoz), dona Silvia Colmenero Guzmán, dona Aurora Aida Goás Castro e don Gustavo Enrique Díaz Rey.

Suplentes: Resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Presidente e vicepresidenta e data de celebración:

- Presidente: DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ

- Vicepresidenta: DONA PAULA ALVARELLOS FONDO

- Data de celebración: os xoves da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 9,00 horas.

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E COHESIÓN SOCIAL**

Composición (en representación dos grupos municipais):

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: don Mauricio Victorio Repetto Morbán (que actuará como portavoz), dona Ana María González Abelleira e don Jorge Bustos Atanasio.

Suplentes: Resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: don Alexandre Penas Roibás (que actuará como portavoz) e don Felipe Rivas Jorge.

Suplentes: don Rubén Arroxó Fernández, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón e dona María Cristina López Fernández.

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: dona Cristina Sanz Arias (que actuará de portavoz), dona Agustín Gallego Vigo, dona Aurora Aida Goás Castro e don Gustavo Enrique Díaz Rey.

Suplentes: Resto de concelleiros por orde da candidatura.

Presidente e vicepresidenta e data de celebración:

- Presidente: DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN.

- Vicepresidenta: DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA.

- Data de celebración: os venres da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 9,30 horas.

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA E DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS**

Composición (en representación dos grupos municipais):

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: don Mauricio Victorio Repetto Morbán (que actuará como portavoz), dona Ana María González Abelleira e don Jorge Bustos Atanasio.

Suplentes: Resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: don Rubén Arroxó Fernández (que actuará como portavoz) e dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

Suplentes: don Alexandre Penas Roibás, dona María Cristina López Fernández e don Felipe Rivas Jorge.

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: don Javier Vázquez Prado, don Ramón Cabarcos Rodríguez, dona Aurora Aida Goás Castro e don Agustín Gallego Vigo (que actuará de portavoz).

Suplentes: Resto de concelleiros por orde da candidatura.

Presidente e vicepresidenta e data de celebración:

- Presidente: DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ.

- Vicepresidente: DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN.

- Data de celebración: os xoves da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 10,00 horas.

- COMISIÓN PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA E SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS

Composición (en representación dos grupos municipais):

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo (que actuará como portavoz), don Ángel Pablo Permuy Villanueva e don Miguel Fernández Méndez.

Suplentes: Resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: dona María Cristina López Fernández (que actuará como portavoz) e don Alexandre Penas Roibás.

Suplentes: don Rubén Arroxos Fernández, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón e don Felipe Rivas Jorge.

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: dona María Elena Candia López (que actuará de portavoz), don Antonio Ameijide Osorio, don Ramón Manuel Cabarcos Rodríguez e dona María del Mar Carballas Piñeiros.

Suplentes: Resto de concelleiros por orde da candidatura.

Presidenta e vicepresidente e data de celebración:

- Presidente: DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO.

- Vicepresidente: DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA.

- Data de celebración: os venres da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 11,00 horas.

- COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS E PERMANENTE ORDINARIA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

Composición (en representación dos grupos municipais):

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: don Miguel Fernández Méndez (que actuará como portavoz), dona Olga López Racamonde e don Ángel Pablo Permuy Villanueva.

Suplentes: Resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: dona María Cristina López Fernández (que actuará como portavoz) e dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

Suplentes: don Rubén Arroxos Fernández, don Alexandre Penas Roibás e don Felipe Rivas Jorge.

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: don Enrique Ceferino Rozas López (que actuará de portavoz), don Javier Vázquez Prado, dona Silvia Colmenero Guzmán e don Gustavo Enrique Díaz Rey.

Suplentes: Resto de concelleiros por orde da candidatura.

Presidenta e vicepresidenta e data de celebración:

- Presidenta: DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ.

- Vicepresidenta: DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN.

- Data de celebración: os xoves da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 11,00 horas.

Segundo.- Comunicar a presente resolución ós/ás interesados/as e darlle conta ó Pleno da Corporación na vindeira sesión que celebre.

Cúmprase.”

De todo o cal a Excm. Corporación Municipal quedou informada para os oportunos efectos.

C) Con data do 26 de xullo de 2023, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo número 40/607, relativo á delegación de atribucións deste órgano colexiado que, a seguir, se transcribe:

Exp. 2023/G004/000577

‘40/607 **DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (CORPORACIÓN 2023-2027).**- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto a proposta da alcaldesa, do 24 de xullo de 2023, na parte expositiva da cal se fai constar:

‘Constituída a Corporación Municipal o día 17 de xuño de 2023 e visto o Decreto número 5756/2023, do 21 de xuño de 2023, do Libro único de resolucións, no que -entre outros aspectos- se determina a composición da Xunta de Goberno Local, se nomea tenentas e tenentes de Alcaldesa, se crean as áreas de goberno e o seu ámbito material e se nomean as persoas titulares destas e das concellerías delegadas dentro das ditas áreas, faise preciso determinar o réxime de competencias que mantén este órgano, así como as delegacións que vai efectuar nas e nos distintos tenentes de Alcaldesa titulares de áreas de goberno e nos concelleiros delegados e concelleiras delegadas, todo iso para garantir o inmediato e normal funcionamento dos servizos municipais e dos órganos que integran o goberno e administración municipais.’

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local resérvase o exercicio das atribucións delegables seguintes:

- a) aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo, así como a designación de membros integrantes dos tribunais de selección;
- b) a provisión e adscrición dos postos de traballo de acordo co Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional das e dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado e demais disposicións aplicables;
- c) o nomeamento de persoal funcionario de carreira e contratado laboral fixo;
- d) a adquisición e alleamento do patrimonio;
- e) as concesións de todo tipo sobre bens de dominio público, salvo cemiterio;
- f) a aprobación de proxectos de obra; a aprobación do expediente de contratación, incluídos os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas así como a autorización do gasto e a apertura do procedemento de adxudicación e a cualificación de urxencia na tramitación do expediente, agás nos casos de que a tramitación do contrato correspondente se realice por procedemento aberto simplificado abreviado coas especialidades do artigo 159.6 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público que se delega no/a tenente/a de alcaldesa delegado/a da Área de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos.

Resérvase igualmente a adxudicación daqueles contratos que superen os límites establecidos no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do sector público, agás nos anteditos procedementos abreviados nos que, a adxudicación e adopción de actos de resolución definitiva dos expedientes de contratación se delega nos concelleiros delegados e concelleiras delegadas ou específicas ás que estean adscritas as unidades xestoras proponentes do contrato.

Así mesmo resérvase a resolución dos recursos administrativos que se formulen en relación cos actos administrativos definitivos ou de trámite que se diten nos procedementos de contratación; a aprobación de modificacións contractuais; a autorización de cesións contractuais; a resolución de expedientes para a resolución dos contratos.

Exceptúase desta reserva a tramitación dos contratos menores;

- g) o outorgamento e denegación de licenzas urbanísticas que se refiran á execución de obras e instalacións para as que a lexislación require a presentación de proxecto técnico ou sexan cualificadas de obra maior así como a aprobación das liquidacións tributarias que procedan por este concepto.
- h) o recoñecemento das situacións de fóra de ordenación, segundo a disposición transitoria terceira da Lei 2/2010, do 25 de marzo;
- i) resolución dos expedientes de ordes de execución cando se requira proxecto técnico así como a adopción de medidas de execución forzosa previstas na lei;

- j) a aprobación do cadro repartición de contribucións especiais en obras de urbanización;
- k) as resolucións que lle corresponden nos expedientes de expropiación forzosa, agás a aprobación das liquidacións de xuros por mora;
- l) a concesión e denegación de licenzas de autotaxis e vehículos especiais;
- m) a aprobación de bases (autorización do gasto) nos expedientes de subvencións tramitados en réxime de concorrencia competitiva e convenios reguladores das subvencións nominativas e a aprobación da actualización do Plan Estratéxico de Subvencións.
- n) a aprobación de convenios interadministrativos e de colaboración a formalizar polo Concello.

SEGUNDO.- Delegar nas e nos titulares das áreas de goberno e nos concelleiros delegados e concelleiras delegadas o exercicio das atribucións que lle correspondan á Xunta de Goberno Local, sempre e cando non sexan indelegables ou esta se reservara o seu exercicio, en relación cos servizos, actividades e materias comprendidas nas súas respectivas áreas e concellerías.

TERCEIRO.- As delegacións acordadas nos apartados anteriores suxeitaranse ao seguinte réxime xurídico:

- a) Os actos ditados, se é o caso, polo órgano delegado no exercicio das atribucións delegadas enténdense ditados polo órgano delegante. Corresponderalle ao órgano delegado a resolución dos recursos que poidan interpoñerse.
- a) O exercicio das facultades por delegación deberá facerse constar nas resolucións que, se é o caso, se diten, de conformidade co que dispón o artigo 9 Lei 40/2015. Así nas resolucións que se adopten no exercicio das delegacións conferidas pola Xunta de Goberno Local farase constar expresamente esta circunstancia e a data deste acordo.
- b) O órgano delegante, sen prexuízo das facultades que lle corresponden á Concellería delegada de área á que corresponda, conservará as facultades de recibir información da xestión da competencia delegada e dos actos e disposicións emanados en virtude da delegación e a de ser informados previamente á adopción de decisións de transcendencia, de acordo co disposto no artigo 115 ROF.
- c) A Xunta de Goberno Local poderá revogar en calquera momento as delegacións efectuadas seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas, de conformidade co establecido no artigo 9.6 da Lei 40/2015 e 116 ROF.
- d) A Xunta de Goberno Local poderá resolver, sen necesidade de avocación formal, en calquera momento daquelas competencias delegadas que pola súa importancia, transcendencia social ou outras consideracións o xustifiquen sen que iso supoña alteración das delegacións de competencias e atribucións efectuadas de acordo co que dispón o artigo 10 Lei 40/2019 e 116 ROF.
- e) En ningún caso poderán delegarse as atribucións que se posúan á súa vez por delegación.
- f) As resolucións ditadas en virtude de delegación de atribucións poñerán fin á vía administrativa nos mesmos casos e termos que correspondería á actuación do órgano delegante.
- g) Nos supostos de ausencia de calquera clase das e dos titulares das áreas e dos e das titulares das concellerías delegadas as competencias a estas e estes atribuídas serán exercidas polas e polos seus substitutos legais, determinados por resolución da Alcaldía.
- h) As delegacións contempladas neste acordo non quedarán revogadas por cambio de titular da área ou de titular da concellería delegada salvo que expresamente así se determine.

CUARTO.- Derrogar o disposto nos acordos adoptados anteriormente pola Xunta de Goberno Local, en todo aquilo que se opoña ou contradiga o disposto neste acordo.

QUINTO.- Deste acordo daráselle conta ao Excmo. Concello Pleno na primeira sesión que celebre; procederase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, á súa exposición no Taboleiro de Edictos, á súa notificación a todas as persoas interesadas e á súa comunicación ás dependencias municipais.

O que se fai público para xeral coñecemento coa publicación íntegra das devanditas resolucións, de conformidade co previsto nos artigos 75.5, 104 bis da Lei de bases de réxime local, 44 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e 7 do Regulamento orgánico municipal do Goberno e Administración do Concello de Lugo.

Lugo, 2 de agosto de 2023.- Vicesecretario, don Justo Díaz Rodríguez, por substitución do secretario xeral do Pleno -en virtude do artigo 122.5.d) da Lei de bases de réxime local.

R. 2543

*Anuncio***Exposición ao público**

A través do Decreto número 6105/2023 de 5 de xullo de 2023, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de xantar no fogar correspondientes ao mes de **XUÑO de 2023**, que se expoñen ao público no Servizo de Benestar Social, sito na Ronda da Muralla 197, durante o prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: **dende o día 17 de xullo ata o día 17 de agosto de 2023** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 6 de xullo de 2023.- Concelleira Delegada de Benestar Social e Maiores, Olga López Racamonde.

R. 2544

*Anuncio***Exposición ao público**

A través do Decreto número 5328/2023 de 6 de xuño, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de xantar no fogar correspondientes ao mes de **MAIO de 2023**, que se expoñen ao público no Servizo de Benestar Social, sito na Ronda da Muralla 197, durante o prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: **dende o día 14 de xuño ata o día 14 de xullo de 2023** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 7 de xuño de 2023.- Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores, en funcións, Olga López Racamonde.

R. 2545

*Anuncio***Exposición ao público**

A través do Decreto número 6045/2023 de 3 de xullo de 2023, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de centro de día correspondiente ao **segundo trimestre de 2023**, que se expoñen ao público no Servizo de Servizos Sociais, sito na Ronda da Muralla 197, durante o prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: dende o día **17 de xullo ata o 17 de agosto de 2023** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 4 de xullo de 2023.- Concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, Olga López Racamonde.

R. 2546

Anuncio

Aprobado inicialmente polo excelentísimo Concello Pleno, na sesión ordinaria celebrada o 27 de xullo de 2023 (acordo número 3/81), o expediente de suplemento de crédito/crédito extraordinario número 1/2023, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles aos efectos de reclamacións, de conformidade co artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Os interesados lexítimados, segundo o artigo 170 do mencionado Texto refundido, e conforme as causas que indica o parágrafo 2) do mesmo artigo, poderán presentar reclamacións a partir da data de inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia e durante o período de exposición pública. Se durante o citado período non se presentasen alegacións, o expediente considerarase definitivamente aprobado.

Lugo, 28 de xullo de 2023.- Alcaldesa, Lara Méndez López.

R. 2547

Anuncio

COBRANZA

Faise saber que o abeiro da Ordenanza Fiscal Xeral o enderezo fiscal de cada contribuínte é único perante o Concello de Lugo e coincidirá co de empadramento, salvo notificación expresa o Concello doutro diferente. O citado enderezo fiscal remitiránse tódolos recibos do contribuínte.

Así mesmo faise saber ós contribuíntes e interesados que a partir do vindeiro día 20 de xullo ata o 20 de setembro deste ano pónense ó cobro, en prazo voluntario, os tributos que de seguido se relacionan:

- **Padrón de auga e IVE s/ seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon da auga correspondente ó segundo trimestre de 2023.**

Para o cobramento dos citados tributos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, éstos seránlles cargados nas contas bancarias respectivas o **25 de xullo**.

Para o resto dos contribuíntes, os documentos de cobro seránlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pagamento en calquera oficina de Abanca, Caixabank, BBVA, Banco Sabadell, Banco Santander, Caixa Rural e Correos. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais, sitas na Ronda da Muralla, nº 197 (Negociado de Augas), para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectua-lo pagamento das débedas, poderase realizar o mesmo incrementado cun 5% de recargo executivo ata o día 20 de outubro de 2023, utilizando o mesmo recibo en calquera das oficinas de Abanca, Caixabank, BBVA, Banco Sabadell, Banco Santander, Caixa Rural e Correos; todo elo sen prexuízo de que se poida iniciar o procedemento de constrinximento, co recargo, xuros e custas que se poideran producir.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Lugo, 31 de xullo de.2023.- O CONCELLEIRO DELEGADO DE ECONOMIA E RECURSOS HUMANOS, Ángel Pablo Permuy Villanueva.

R. 2548

MONTERROSO

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A CREACION DUNHA BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL PARA A CATEGORÍA DE TRABALLADOR/A SOCIAL A MEDIA XORNADA.

Posto da Convocatoria: Traballador/a social.

Lugar e prazo de presentación de instancias: No Rexistro Xeral do Concello de Monterroso, no prazo de 05 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP de Lugo.

Requisitos: Os establecidos nas bases de convocatoria para cada unha das categorías.

Sistema de selección: Concurso-oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición na Secretaría do Concello e na web www.monterroso.es.

Monterroso, 22 de abril de 2021.- Alcaldes, Eloy Pérez Sindin.

R. 2581

OUTEIRO DE REI

Anuncio

ASUNTO: RELACIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES QUE OBTENEN PRAZA TRAS A SUPERACIÓN DO PROCESO SELECTIVO VINCULADO Á OFERTA EXTRAORDINARIA DE EMPREGO PÚBLICO PARA A ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (LUGO).

Por Resolución da Alcaldía de data 09/05/2022 publicouse a oferta de emprego público de estabilización de emprego temporal de longa duración do Concello de Outeiro de Rei.

Rematado o proceso selectivo se resolveu contratar como persoal laboral fixo ás seguintes persoas:

APELIDOS E NOME	DNI	POSTO DE TRABAJO	DATA E NÚMERO DA RESOLUCIÓN CONTRATACIÓN
ÁLVAREZ FRANCO, CARLOS ALBERTO	****9075M	MONITOR DEPORTIVO	10/05/2023 Decreto núm. 2023-0233
MARTÍNEZ VIGO, JOSÉ	****0781D	OFICIAL 1ª SERVICIOS MÚLTIPLES	10/05/2023 Decreto núm. 2023-0232
GALLEGO RODRÍGUEZ, EULOGIO	****6913X	OFICIAL 2ª SERVICIOS MÚLTIPLES	10/05/2023 Decreto núm. 2023-0232
LOMBAO LÓPEZ, JOSÉ MANUEL	****6145Y	OFICIAL 2ª SERVICIOS MÚLTIPLES	10/05/2023 Decreto núm. 2023-0232
MARTÍNEZ REGUEIRO, MARÍA DEL CARMEN	****2738B	EDUCADORA FAMILIAR	13/07/2023 Decreto núm. 2023-0349
PICÓN ACAL, MARÍA SOLEDAD	****7352E	ADL	13/07/2023 Decreto núm. 2023-0352
RODRÍGUEZ FERREIRO, ROSA ANA	****1985B	ARQUITECTA TÉCNICA	13/07/2023 Decreto núm. 2023-0350
SANJURJO COIRA, MARÍA CRUZ	****6242Y	ANIMADORA SOCIOCULTURAL	13/07/2023 Decreto núm. 2023-0351

Outeiro de Rei, 2 de agosto de 2023.- O Alcalde; José Pardo Lombao.

R. 2549

O SAVIÑO

Anuncio

CORRECCIÓN DE ERRO RESOLUCIÓN DE NOMEAMENTO DE TRIBUNAL AVALIADOR E CONVOCATORIA PARA BAREMACION DE MÉRITOS NOS PROCESOS SELECTIVOS CONVOCADOS POLO CONCELLO DE O SAVIÑO PARA CUBRIR AS PRAZAS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE EDUCADOR/A FAMILIAR, AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL E TRABALLADOR/A SOCIAL, INCLUIDAS NA OFERTA EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE ESTABILIZACION 2022 (Expte. 533/2022).

O Alcalde do Concello de O Saviño, mediante Decreto número 2023-0250, do 04.08.2023, resolveu:

Detectado erro no punto cuarto do Decreto número 2023-0238, do 27.07.2023, onde dí:

“CUARTO. *Fixar a constitución do Tribunal para a avaliación de méritos dos/as candidatos/as á praza de traballador/a social o día 23 de xullo de 2023, ás 12:30 horas na Casa do Concello, Praza de España 1, O Saviño”.*

RESOLVO :

Proceder a corrección do mesmo, polo que debe dicir:

CUARTO. *Fixar a constitución do Tribunal para a avaliación de méritos dos/as candidatos/as á praza de traballador/a social o día 23 de agosto de 2023, ás 12:30 horas na Casa do Concello, Praza de España 1, O Saviño.*

O Saviño, 4 de agosto de 2023.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2582

VIVEIRO

Anuncio

En cumprimento das previsións dos artigos 44,46 e 52 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), e dos artigos 56,59 e 61 do Regulamento Orgánico Municipal publícase a resolución ditada pola Alcaldía en data 21 de xullo de 2023, que literalmente di:

DONA MARÍA LOUREIRO GARCÍA, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE VIVEIRO

En virtude do disposto nos artigos 20 e 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), 59, 61, 62 e 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), nos artigos 43, 44, 45, 46, 47, 48, 52, 53 e 112 a 118 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) e nos artigos 8, 56, 57, 59, 60 e 61 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Viveiro (ROM).

Resultando que no Concello de Viveiro en función da súa poboación, segundo o previsto no artigo 20 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 59 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, é preceptiva a existencia da Xunta de Goberno Local.

Resultando que según establece o artigo 52 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, ao igual que o artigo 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 56 do ROM, a Xunta de Goberno Local está integrada polo Alcalde ou Alcaldesa, que a preside, e concelleiros e concelleiras nomeados libremente pola persoa que ostenta a Alcaldía como membros da mesma, prevendo que os pode cesar libremente, en todo momento a calesqueira membros da Xunta de Goberno. Segundo o establecido en ditos artigos o número de concelleiros e concelleiras que a Alcaldesa pode nomear como membros da Xunta de Goberno Local non pode superar o terzo do número legal de membros da corporación, que no caso de Viveiro ascende a cinco.

Resultando que según prevé o artigo 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, así como o artigo 62 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 61 do ROM os Tenentes de Alcalde serán libremente nomeados e cesados pola Alcaldesa, de entre os membros da Xunta de Goberno Local.

Resultando que o artigo 43 do ROF, en consonancia co artigo 120, así como o artigo 60 do ROM, prevén a delegación de competencias e contempla a existencia de concelleiros e concelleiras delegados, indicándose no artigo 120 que se perde a condición de concelleiro/a delegado por revocación da delegación, adoptada pola persoa que ostenta a Alcaldía coas mesmas formalidades previstas para o seu outorgamento. Segundo o previsto no artigo 43 do ROF e 59 e 60 do ROM, a Alcaldesa pode delegar o exercizo de determinadas atribucións nos

membros da Xunta de Goberno Local, sen prexuízo das delegacións especiais, que, para cometidos específicos, poda realizar a favor de calquer concelleiro ou concelleira, aínda que non pertencen á Xunta de Goberno Local. As delegacións xenéricas referiranse a unha ou varias áreas ou materias determinadas, e poderán abarcar tanto as facultades de dirixir os servizos correspondentes como a de xestionalos en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Así mesmo poden efectuarse delegacións específicas en calquer concelleiro ou concelleira para a dirección e xestión de asuntos determinados incluídos nas citadas áreas. Neste caso, o concelleiro ou concelleira que ostente unha delegación xenérica terá a facultade de supervisar a actuación dos concelleiros ou concelleiras con delegacións especiais para cometidos específicos incluídos na súa área. As delegacións especiais poderán ser de dous tipos: relativas a un proxecto ou asunto determinado ou relativas a un determinado servizo.

Resultando que según establece o artigo 46 do ROF, e 61 do ROM, os nomeamento e ceses dos Tenentes de Alcalde realizarase mediante Resolución da Alcaldía da que se dará conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre, notificándose, ademais, persoalmente ós designados, e publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da firma da resolución pola Alcaldesa, se na mesma non se dispón outra cousa.

O artigo 52 prevé que os nomeamentos e ceses dos membros da Xunta de Goberno Local serán adoptados coas formalidades prescritas no artigo 46, remitíndose polo tanto ó procedemento previsto para o nomeamento e cese dos Tenentes de Alcalde. Así mesmo o establece o artigo 56 do ROM. Establécese no artigo 112 do ROF que en defecto de previsión expresa no Regulamento Orgánico da Entidade, a Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria cada quince días como mínimo, establecendo o artigo 57 do ROM unha periodicidade semanal, correspondendo á Alcaldesa fixar mediante decreto o día e hora en que deba celebrarse sesión ordinaria.

A delegación de funcións require, para a súa eficacia, da aceptación por parte do delegado, entendéndose aceptada tácitamente se nos tres días hábiles dende a notificación do acordo ao membro ou órgano destinatario non se fai mención expresa da non aceptación

Respecto ás delegacións, o artigo 44 do ROF e 59 do ROM indican que serán realizadas mediante Decreto da Alcaldía e surtirá efecto dende o día seguinte ó da data do Decreto, sen prexuízo da preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Esta Alcaldía ten a ben ditar a seguinte RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Nomear como membros da Xunta de Goberno Local ós seguintes concelleiros e concelleiras:

D^a. Miriam Bermúdez García

D. Jesús Fernández Fernández.

D^a. Iria Cotelo Cociña

D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega.

D. Juan Ramón Martínez Castro

Deste xeito, a Xunta de Goberno Local, que estará presidida pola Alcaldesa, queda integrada polos cinco concelleiros e concelleiras anteriormente referidos.

SEGUNDO.- Fixar a celebración de sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local todos os mércores de cada semana ás 13:30 horas. No suposto de que a data fixada para as sesións ordinarias sexa festivo celebrárase o primeiro día hábil seguinte.

A Xunta de Goberno Local deberá celebrar sesión constitutiva dentro dos de días hábiles seguintes á designación dos seus membros.

TERCEIRO.- Nomear como Tenentes de Alcaldía ós seguintes concelleiros e concelleiras:

1º TENENTE DE ALCALDE: D^a. Miriam Bermúdez García.

2º TENENTE DE ALCALDE: D. Jesús Fernández Fernández.

3º TENENTE DE ALCALDE: D^a. Iria Cotelo Cociña

4º TENENTE DE ALCALDE: D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega.

5º TENENTE DE ALCALDE: D. Juan Ramón Martínez Castro.

CUARTO.- Outorgar ós seguintes concelleiros e concelleiras, que a continuación se relacionan as seguintes delegacións:

DELEGACIÓNS XENÉRICAS

A favor de D^a. Miriam Bermúdez García: ÁREAS DE OBRAS, INFRAESTRUTURAS E MANTEMENTO NO MEDIO RURAL, PARQUES E XARDÍNS, CEMITERIO, MOBILIDADE, ACCESIBILIDADE E MEDIO AMBIENTE.

A favor de D^a. Iria Cotelo Cociña: ÁREAS DE EMPREGO, PROMOCIÓN ECONÓMICA, COMERCIO E MERCADOS.

A favor de D. Juan Ramón Martínez Castro : ÁREAS DE MEDIO RURAL, SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGA, SECTOR FORESTAL E MANTEMENTO DE ESPAZOS E ZONAS VERDES.

A favor de D. Jesús Fernández Fernández: ÁREAS DE ECONOMÍA E FACENDA, MAR, PARTICIPACIÓN CIDADÁ, EDUCACIÓN E CENTROS SOCIOCULTURAIIS.

A favor de D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega: ÁREAS DE BENESTAR SOCIAL, INCLUSIÓN E COHESIÓN SOCIAL, SERVIZOS CULTURAIIS E DINAMIZACIÓN CULTURAL, SANIDADE, INFANCIA, MULLER E IGUALDADE.

DELEGACIÓNS ESPECIAIS

A favor de D^a. María Soledad Rey Yáñez: Dirección e xestión dos servizos turísticos municipais, xestión da oficina de turismo, xestión das actuacións e trámites vinculados aos servizos turísticos e calquera outro asunto vinculado a este ámbito dentro das súas propias delegacións.

A favor de D. Eleazar José Rodríguez Abuín: Dirección e xestión das actuacións e trámites vinculados aos servizos deportivos e dirixidos á mocidade, xestión das instalacións deportivas, xestión das actuacións e trámites vinculados aos servizos deportivos e orientados á mocidade e calquera outro asunto vinculado a este ámbito dentro das súas propias delegacións.

As delegacións efectuadas no punto terceiro desta Resolución refírense ás facultades de dirixir e xestionar os servizos correspondentes, quedando excluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

QUINTO.- Os presentes acordos surtirán efectos dende o día seguinte á data desta Resolución, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo consonte o establecido nos artigos 44, 46 e 52 do ROF e 59 do ROM.

SEXTO.- A presente Resolución será notificada persoalmente ós concelleiros e concelleiras nomeados como Tenentes de Alcalde e membros da Xunta de Goberno Local, así como ós concelleiros e concelleiras aos que se lles outorgan delegacións.

SÉTIMO.- Desta Resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre (Pleno de Organización)

O que asino en Viveiro,

Viveiro, 1 de agosto de 2023.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 2550

Anuncio

En cumprimento da previsión do artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), e do artigo 8 do Regulamento Orgánico Municipal, publícase o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en data 31 de xullo de 2023, que literalmente di:

DONA MARÍA LOUREIRO GARCÍA, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE VIVEIRO

En virtude do disposto nos artigos 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos artigos 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) e no artigo 8 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Viveiro (ROM).

Esta Alcaldía PROPÓN ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Nomear como representantes da Corporación nos órganos colexiados dos centros escolares ós seguintes concelleiros e concelleiras:

Consello Escolar do C.E.I. SAN ROQUE: Lara Fernández Fernández-Noriega

Consello Escolar do C.E.I.P. COVAS: Iria Cotelo Cociña

Consello Escolar do C.P. SANTA RITA DE GALDO: Juan Ramón Martínez Castro

Consello Escolar do C.E.I.P. DE CELEIRO: Míriam Bermúdez García

Consello Escolar do I.E.S. IRMÁNS VILAR PONTE: Jesús Fernández Fernández

Consello Escolar do I.E.S. MARÍA SARMIENTO: María Soledad Rey Yáñez

Consello Escolar do C.E.P. LOIS TOBÍO: Eleazar José Rodríguez Abuín

Consello Escolar do C.E.I.P. LANDRO: Míriam Bermúdez García

Segundo.- Nomear como representantes da Corporación nos seguintes órganos colexiados ós seguintes concelleiros e concelleiras:

Escola Oficial de Idiomas: Lara Fernández Fernández-Noriega

Conservatorio Profesional de Música de Viveiro: Jesús Fernández Fernández

Mesa Local de Comercio: Iria Cotelo Cociña

Consortio Provincial de Bombeiros: Jesús Fernández Fernández

Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade: Lara Fernández Fernández-Noriega

Rede Europea da Semana Santa: Jesús Fernández Fernández

UNICEF: Lara Fernández Fernández-Noriega

Asociación GDR Terras de Miranda: Míriam Bermúdez García

Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) A Mariña-Ortegal: Jesús Fernández Fernández

Terceiro.- Nomear como representantes do Concello de Viveiro na Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense aos seguintes membros da Corporación:

María Loureiro García

Míriam Bermúdez García

Cuarto.- Designar aos seguintes municipios da provincia para o Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria:

Viveiro

Foz

Barreiros

Quinto.- O presente acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e será notificado aos concelleiros e concelleiras nomeados.

O que asino en Viveiro,

Viveiro, 1 de agosto de 2023.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 2551

Anuncio

En cumprimento das previsións dos artigos 73 e 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LBRL) públcase o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en data 31 de xullo de 2023, que literalmente di:

DONA MARÍA LOUREIRO GARCÍA, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE VIVEIRO

En virtude do disposto nos artigos 21, 73 e 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL),

Esta Alcaldía PROPÓN ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- A aprobación das seguintes asignacións aos grupos políticos municipais desta Corporación:

Cada un dos grupos municipais percibirá mensualmente as seguintes cantidades:

Unha cantidade fixa: 300 euros.

Unha cantidade variable: 30 euros por concelleiro ou concelleira.

Segundo.- A aprobación das seguintes asistencias aos concelleiros e concelleiras da Corporación pola concorrencia ás sesións de órganos colexiados dos que formen parte:

Por asistencia a cada Pleno: 80,00 euros

Por asistencia a cada Xunta de Goberno Local: 50,00 euros

Por asistencia a cada Comisión Informativa: 50,00 euros

Por asistencia á Comisión Especial de Contas: 50,00 euros

Por asistencia a Mesas de Contratación: 50,00 euros

Estas asistencias non se percibirán polos membros da Corporación que conten con dedicación exclusiva ou parcial.

Non se percibirán asistencias pola Xunta de Voceiros, nin por asistir a grupos de traballo.

Cando se celebren varias sesións no mesmo día cobrarase unha única asistencia, aínda que se trate de órganos colexiados diferentes.

Terceiro.- O presente acordo será publicado no Boletín Oficial da Provincia.

O que asino en Viveiro,

Viveiro, 1 de agosto de 2023.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 2552

Anuncio

En cumprimento da previsión do artigo 64 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), e do artigo 59 do Regulamento Orgánico Municipal, publícase a resolución ditada pola Alcaldía en data 21 de xullo de 2023, que literalmente di:

María Loureiro García, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Viveiro,

En virtude do establecido no artigo 21.2 y 71 da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), artigos 43, 44, 53.2 e 114 a 118 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), artigo 61.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA), artigos 8 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP) e artigos 56, 59 e 60 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Viveiro (ROM).

RESOLVO

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

Aprobación dos proxectos de obras e servizos, cando a Alcaldía sexa competente para a súa contratación ou concesión e esteñan previstos no Orzamento.

As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de suministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a cuantía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercizo, nin a cuantía sinalada.

Adxudicación de concesións sobre bens municipais e a adquisición de bens e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial, cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a cuantía indicadas.

Outorgamento de licenzas urbanísticas de competencia da Alcaldía. Soamente se engloban nesta delegación os acordos de outorgamento de licenzas urbanísticas de obra, quedando excluídas o resto de competencias que lle correspondan á Alcaldía en materia urbanística.

Autorización de entronques á rede de subministro de abastecemento de auga e á rede de sumidoiros municipais.

Aprobación da oferta de emprego público de acordo co Orzamento e Plantilla aprobados polo Pleno, as bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo, que resulten de competencia da Alcaldía.

As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

As competencias que correspondan á Alcaldía no tocante ás licenzas de taxi.

As competencias que correspondan á Alcaldía no tocante ás autorizacións para a tenencia de cans de raza perigosa.

As competencias que correspondan a esta Alcaldía no tocante a solicitude de subvencións.

As competencias que correspondan a esta Alcaldía no tocante á concesión ou revocación ós usuarios do servizo de axuda no fogar.

Autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios. A aprobación da xustificación dos pagos a xustificar. Non se entende incluída nesta delegación a constitución dos pagos a xustificar nin a constitución e

extinción dos anticipos de caixa fixa. Tampouco se engloba nesta delegación a aprobación de gastos non orzamentarios nin os recoñecementos extraxudiciais de crédito, que de acordo coa normativa xeral e bases de execución do orzamento municipal se atribúan excepcionalmente á Alcaldía.

Segundo.- As atribucións delegadas poderán ser avocadas pola Alcaldía de conformidade co previsto no artigo 116 do ROF, 60 do ROM e 10 da LRXSP, con motivación da avocación e xustificando en todo caso a urxencia na adopción do acordo, dando conta posteriormente á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que se celebre, das Resolucións que se dicten pola Alcaldía por avocación de competencias.

Terceiro.- Dar conta da presente Resolución ó Pleno da Corporación, na primeira sesión que se celebre (pleno de organización).

Cuarto.- Remitir a presente Resolución ó Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación.

O que asino en Viveiro,

Viveiro, 1 de agosto de 2023.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 2553

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/37922

Asunto: Solicitud de concesión de aproveitamiento de augas

Peticionario: Ayuntamiento de Láncara

Nombre de la captación: Manantial Fuente Cabana

Caudal solicitado: 0,85 l/s

Punto de emplazamiento: Armea (San Pedro)

Término Municipal y Provincia: Láncara (Lugo)

Destino: Abastecimiento y usos ganaderos

BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

Se realiza la captación mediante una arqueta de 1,5 m de profundidade formada por cilindros de hormigón de 1,4 m de diámetro. Desde aquí se conducen las augas mediante tubería a los depósitos desde donde se distribuirán a los núcleos de Vilela de Arriba e Abaixo, Armea de Arriba y Ribeira.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Láncara, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Podrá obtener información sobre el estado de tramitación del procedimiento a través de los medios electrónicos, telefónicos y presenciales, en las direcciones o contactos indicados en el oficio, que se encuentren habilitados en cada momento. En el supuesto de que se optase por el acceso presencial, se recomienda solicitar cita previa para acudir a nuestras oficinas con objeto de poder garantizar su atención.

Lugo, 31 de julio de 2023.- EL JEFE DE SERVICIO, José Miguel Veigas Méndez.

R. 2554